



# **INFORME DE RENOVACIÓN DE LA ACREDITACIÓN**

**Graduado o Graduada en Ciencia Política y de la Administración**

**2015**

## 1. AUTOINFORME PARA LA RENOVACIÓN DE LA ACREDITACIÓN

DATOS DE LA UNIVERSIDAD Y DEL TÍTULO	
Denominación del título	Graduado o Graduada en Ciencia Política e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela
Menciones/Especialidades	--
Universidad responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	--
Centro responsable	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
Centro/s donde se imparte	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais ( <b>Campus Vida-Santiago</b> )
Rama de conocimiento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidad de impartición	Presencial
Curso de implantación	2008/2009
Fecha acreditación ex ante (verificación)	28/05/2008
Fecha renovación acreditación	--

## DIMENSIÓN 1. LA GESTIÓN DEL TÍTULO

### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN Y DESARROLLO:

**Estándar: El programa formativo está actualizado y se ha implantado de acuerdo a las condiciones establecidas en la memoria verificada.**

Analizar y valorar si el desarrollo del plan de estudios se ha realizado conforme a la memoria verificada y no se han producido incidencias graves, lo que ha permitido una correcta adquisición de las competencias por parte de los estudiantes.

#### 1.1.- El título mantiene el interés académico y está actualizado según los requisitos de la disciplina, avances tecnológicos y científicos, necesidades socioeconómicas y requisitos de la profesión.

O programa está sendo implementado seguindo as directrices previstas. Os datos evidencian a garantía dunha demanda sostida do título e, en tal sentido, a Comisión de Calidade valora positivamente os esforzos feitos por toda a comunidade académica. Dende a perspectiva da súa implementación, os datos xerais de matrícula son, en xeral, positivos.

Compre observar que aínda que a implementación do título observa o contido na memoria, tendo en conta a información recollida nos informes de seguimento dende o curso 2012-13 e a través dos mecanismos internos de recollida de información (enquisas propias a alumnos egresados e PDI levadas a cabo no curso 2013-14), en outubro de 2013, púxose en marcha o redeseño do programa formativo a través do traballo desenvolvido pola Comisión de Reforma do Plan de Estudos.

A proposta de reforma (en tramitación) sigue as recomendacións realizadas pola Asociación Española de Ciencia Política y de la Administración (AECPA) e o *Libro Blanco de la Titulación de Ciencia Política y Gestión Pública*, publicado pola ANECA. A estrutura e contidos comúns propostos orixinalmente complétanse con materias que o Centro considera oportuno ofertar. Para a súa elección e secuenciación dentro do plan tense en conta a oferta de títulos similares ou afíns realizada por outros centros universitarios españois, así como as reflexións sobre as anomalías detectadas na posta en marcha de titulacións vinculadas ao campo da ciencia política e da administración realizadas durante a *Reunión de Decanos/as de Facultades que imparten grados en Sociología, Ciencias Políticas y Gestión y Administración Pública de las Universidades Públicas Españolas* (Facultad de Ciencias Políticas y Sociología, Universidad Complutense de Madrid, 13 de marzo de 2014). Así mesmo, a revisión do título inspírase nas directrices de acreditación de programas en ciencia política e xestión e políticas públicas emanadas das principais entidades acreditadoras e asociacións profesionais do ámbito da ciencia política e de la Administración: *European Confederation of Political Science Associations* (<http://www.ecpsa.org/>); *European Political Science Network* ([www.epsanet.org](http://www.epsanet.org/)); *European Association for Public Administration Accreditation* (<http://www.eapaa.org/>); *European Consortium for Political Research* (<http://www.ecpr.eu/Default.aspx>); Estándares da *National Association of Schools of Public Affairs and Administration* (NASPAA) para estudos de Xestión e Políticas Públicas (<http://www.naspaa.org/>) e informes da *United Nations / International Association of Schools and Institutes of Administration (Task Force on Standards of Excellence for Public Administration Education and Training)* (<http://unpan1.un.org/intradoc/groups/public/documents/un-dpadm/unpan034307.pdf>) (<http://unpan1.un.org/intradoc/groups/public/documents/un-dpadm/unpan034308.pdf>).

#### Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

Respecto dos datos considerados para facer a valoración positiva sobre matrícula, compre facer as seguintes observacións:

- a) Segundo o indicador IN01G-PC-05, o número de prazas ofertadas (125) mantense dende o curso 2010-11. Tendo en conta a escasa oferta actual de postgrao no Centro e a dispoñibilidade de PDI, a Comisión de Calidade considera que debe manterse o número de prazas ofertadas.
- b) O indicador IN02G-PC-05 mostra que a matrícula total (483) aumentou un 8% respecto do curso precedente (443). Dende o curso 2008-09, a matrícula total incrementábase en 280 alumnos. O curso 2013-14 racha a tendencia á estabilización da variación da matrícula total (33%, 19,6%, 13%, 1,5%).
- c) O indicador IN03G-PC-05 mostra, respecto da matrícula de novo ingreso (139), que se retoma a tendencia ao crecemento, atenuada no curso precedente, incrementándose un 12,9% respecto ao curso anterior. A tendencia ao crecemento valorase positivamente.
- d) Segundo o indicador IN04G-PC-05, a matrícula de inicio de estudos (132) recupérase respecto do curso precedente (115). Considerado o curso 2011-12 como o que mostra, tras os cursos de implantación, unha oferta

xa normalizada do novo plan de estudos, a media de matrícula de inicio de estudos dende entón sitúase en 127,25. A recuperación deste tipo de matrícula é valorada pola Comisión de Calidade de xeito positivo. Sen embargo, en función dos informes das reunións internas de coordinación do Centro (en data 1º curso, 23/06/15; 3º curso, 22/07/15), se suxire facer xestións para evitar a admisión de novo alumnado no mes de novembro ao alterarse o ritmo docente e por supor unha merma de oportunidades para o alumnado de novo ingreso respecto do que inicia o curso en setembro.

- e) O indicador IN05G-PC-05 (Variación da matrícula de inicio de estudos) (14,78%) mostra a recuperación do crecemento, alterado no curso 2011-12. A evolución dende o curso 2010-11 queda do seguinte xeito: 29,87%; 31%, 0%, -12,88%. O dato do indicador é valorado positivamente.
- f) O último dato do indicador IN08G-PC-05, sobre a porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados (1,66%) mantén a tendencia de lixeira alza iniciada no curso 2013-14 (1,58%). A media dende o curso 2009-10, sitúase no 1,65%. O dato é valorado positivamente.
- g) A porcentaxe de estudantes de fora de Galicia sobre o total de matriculados (IN09G-PC-05) (1,66%), practicamente, mantén a tónica do curso precedente (1,58%), aínda que sigue resultando inferior respecto dos primeiros cursos (4,93%; 3,27%; 2,62%; 2,28%). Constátase que este Título é elixido principalmente por alumnado galego. Para unha valoración máis afinada desta tendencia, precisaríase o dato comparado doutros Centros, para valorar se noutros casos a USC é referente para o alumnado galego e tamén de fóra de Galicia.
- h) Segundo os datos fornecidos pola Área de Calidade (INF 16), a procedencia xeográfica dos estudantes distribúese do seguinte xeito: 98,4% (475 alumnos/as) de Galicia. A porcentaxe restante corresponde a 4 alumnos procedentes de Castela-León; 1 de Aragón; 1 de Asturias e 1 da Comunidade de Madrid.
- i) O indicador IN10G-PC-05, relación de estudantes preinscritos en primeira opción (matriculados por primeira vez) sobre o total de prazas ofertadas, revela (76%) a recuperación do ascenso mantido dende o curso 2010-11 (47%, 55,2%, 68%, 66,4%). Aínda que se valora positivamente a recuperación, a Comisión de Calidade suxire a oportunidade de relacionar este dato co da nota de entrada e as motivacións que levan ao alumnado a matricularse nesta titulación para, en función da información obtida, reconducir as accións de promoción da mesma. En relación cos solicitantes (non necesariamente matriculados) desta titulación, en función do informe de matrícula da CIUG, a Comisión observa con preocupación que só un 23,4% elixe o grao como primeira opción, mentres que para case máis dun 35% representa a cuarta opción ou posteriores.
- j) Segundo o indicador IN12G-PC-05, a porcentaxe de matriculados de inicio de curso sobre prazas ofertadas (105,6%), revela a recuperación do ascenso mantido dende o curso 2010-11 (77%, 100%, 104,8%, 104,8%, 92%). A valoración que se fai é positiva. Non obstante, se considera necesario elevar unha consulta aos servizos competentes para que expoñan os criterios utilizados para permitir unha matrícula superior ás prazas ofertadas polo Centro.

No que atinxe á información que está a fundamentar o redeseño do plan, co apoio dos recursos destinados a accións de calidade nos centros, ofrecidos en 2013 polo Vicerreitorado de Calidade da USC, confeccionáronse dúas enquisas diferenciadas (polo seu contido e polo nivel de profundidade e de detalle esixidos nas respostas) que se dirixiron, por unha banda, ao PDI con docencia no centro (por correo electrónico) e, por outra banda, aos estudantes graduados, así como a aqueles que estaban cursando no momento da enquisa o último curso da titulación (mediante enquisa telefónica). En ambas enquisas solicitouse dos enquisados a súa valoración global do plan actual, as súas opinións respecto do seu funcionamento nunha serie de dimensións (contido, estrutura, e traballo de fin de grao e prácticas externas) e as súas preferencias de reforma para esas mesmas dimensións. Dos achados extráense as seguintes conclusións sobre o actual Título:

- a) Unha boa proporción tanto do PDI como dos egresados reclaman ben a introdución, ben o reforzo de materias de dereito, especialmente, de dereito constitucional e dereito administrativo.
- b) Elevadas proporcións de PDI e egresados expresan a súa preferencia por reforzar as materias de relacións internacionais e política internacional.
- c) Igualmente, se demanda redimensionar en número de créditos e contido as prácticas e o Traballo de Fin de Grao, deixando paso no cuarto curso a asignaturas ordinarias. As suxestións recibidas diríxense, en concreto, a reducir substancialmente o número de créditos de ambas modalidades de actividade discente, de tal xeito que se cursen só no segundo cuatrimestre do último curso da titulación, reservando o primeiro cuatrimestre deste a materias optativas

ordinarias.

d) Converxen os puntos de vista do PDI e os egresados na necesidade de suprimir materias cuxo contido estímase máis axeitado ao nivel de máster que ao de grao, tales como Márketing de Xestión, Control de Xestión ou Xestión da Información.

e) Atendendo, sobre todo, ás preferencias do PDI enquisado, súxírese reforzar a presenza no plan das materias de métodos e estatística, e reordenar a súa secuencia. Isto implica que debería haber unha materia obrigatoria dese campo en cada un dos seis primeiros cuatrimestres do grao, a fin de dotar ao alumnado de coñecementos e habilidades cada vez máis demandados profesionalmente.

f) Así mesmo, o PDI demanda investir no novo plan a secuencia entre as materias descritivas e as materias con contidos de natureza máis analítica, convertendo as primeiras nun paso formativo que capacita mellor ao estudante para a adquisición dos coñecementos fornecidos pola segunda clase de materias.

## 1.2.- El plan de estudios se ha desarrollado siguiendo la oferta de módulos, materias y asignaturas previstas en la memoria verificada.

A oferta de materias correspóndese coa establecida na titulación, alterándose tan só, nalgún caso concreto, a secuencia de materias por cuadrimestre (curso 2013-14).

A didáctica, respetando, como regra xeral, o establecido no plan de estudos, tense adaptado en cada materia á impartición axeitada dos contidos e, en especial, á adquisición de competencias por parte do alumnado. Os métodos docentes abranguen:

*Clase expositiva* (grupo grande): lección impartida polo profesor/a que pode ter formatos diferentes (exposición de teorías e conceptos; problemas e/ou exemplos xerais; directrices xerais da materia). O/a docente pode contar con apoio de medios audiovisuais e informáticos pero, en xeral, os estudantes non os precisan manexar en clase.

*Clase interactiva*: clase teórico/práctica de proposición e supervisión na resolución de problemas, exercicios, casos prácticos, aclaración de dúbidas.

*Práctica de laboratorio con grupos reducidos* (aula de informática): clase práctica -pode formar parte das sesións interactivas- na que se aplican os contidos teóricos, mediante observación e manexo de datos. O/a docente pode contar con apoio de medios audiovisuais.

*Práctica de campo*: tarefa relacionadas coa aplicación de técnicas de investigación social; *outdoor training*; visitas a entidades colaboradoras.

*Titorías*: sesións programadas entre docente e alumno/a dedicadas á proposición e supervisión de traballos, aclaración de dúbidas sobre teoría, problemas, exercicios, programas, lecturas ou outras tarefas propostas, debate ou comentario de traballos individuais ou grupales e revisión de procesos de avaliación.

*Traballos de Fin de Grao*: Achega orixinal, autónoma e individual de cada estudante, baixo a supervisión dun titor/a, que consiste na elaboración dun traballo no que se acreditan coñecementos e destrezas adquiridas durante os estudos realizados na titulación de Grao. Inclúe, como mínimo, tarefas de procura e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e presentación.

*Prácticas externas*: Promoven o desenvolvemento profesional e a inserción laboral dos futuros titulados. Para iso, o programa (obrigatorio para o alumnado) permite poñer a proba os coñecementos e habilidades adquiridos durante os catro cursos da Titulación, así como descubrir novas posibilidades de aplicación. Ademais, as prácticas pretenden fomentar as oportunidades profesionais e difundir o perfil competencial dos titulados entre as distintas entidades colaboradoras. A realización de prácticas é supervisada por un titor académico elixido entre o profesorado con docencia no Grao e un titor externo, vinculado á entidade colaboradora.

Entre as técnicas de avaliación comúns, estanse a empregar as seguintes:

*Avaliación continua*: A avaliación continua faise por medio de controis escritos, traballos entregados e/ou presentados, participación do estudante no aula, titorías ou outros medios explicitados na programación da materia. Os/as profesores/as fixan na guía docente anual a valoración de cada unha das actividades realizadas polo estudante, para outorgar a cualificación final, así como a tipoloxía, métodos e características do sistema de avaliación da materia.

*Seguimento da participación*: supervisión da asistencia ás diversas actividades formativas e do grao de compromiso do alumnado (calidade de participación).

**Exame Final:** Proba final, manuscrita ou mediante soporte informático, de comprobación das competencias adquiridas por o/a alumno/a.

**Avaliación das prácticas externas:** A avaliación das prácticas corresponde a un coordinador de prácticas, tendo en conta un informe do titor académico (valora o progreso do alumno durante o periodo de prácticas e as dificultades / problemas detectados), un informe do titor da entidade colaboradora (valora o desempeño do alumno durante a realización das prácticas, así como o seu sentido da responsabilidade e compromiso) e unha memoria presentada polo alumno (valora as tarefas -principais e complementarias- desempeñadas polo alumno na entidade colaboradora, a súa planificación, a aplicación de coñecementos e habilidades adquiridos durante a titulación e as competencias adquiridas durante o periodo de prácticas: adicionalmente, valórase a estrutura e calidade expositiva da memoria).

**Avaliación do Traballo Fin de Grado:** A avaliación da aprendizaxe ten como criterio fundamental o nivel de adquisición integrada das competencias propias do Grao reflectidas polo traballo elaborado e defendido polo alumno. A cualificación final obtida polo estudante calculase en función de tres elementos: proceso de traballo (valora o progreso seguido por o/a alumno/a durante a elaboración do Traballo de Fin de Grado, baseado nun informe emitido por o/a titor/a correspondente.); texto (valora a calidade final do texto e, en concreto, o seu adecuación ás competencias do grao, o seu deseño, o método seguido, a revisión bibliográfica realizada e a capacidade de expresión e presentación escritas.) e exposición pública (valora as competencias adquiridas en materia de comunicación oral e as capacidades de debate e defensa do traballo, así como a capacidade de síntese do traballo presentado).

Respecto do tamaño dos grupos, en xeral, é coherente coas actividades formativas, máis con ratios alumno/profesor máis elevados que no resto da USC, o cal carga en exceso a dedicación do PDI.

Finalmente, o oferta de programas de mobilidade é ampla e sobradamente suficiente para cubrir a demanda. O Grao en Ciencias Políticas e da Administración é un dos máis activos da USC na adhesión a programas de mobilidade: na actualidade colabora con medio centenar de universidades europeas a través dunha oferta de 120 prazas de intercambio no programa Erasmus +; así mesmo, participa no programa Erasmus Mundus (*Accións Peace II; Arcade; Experts*) e no programa de convenios bilaterais da USC; no que atinxe ao programa SICUE, a oferta ascende a 26 prazas de 10 universidades, e se está a trimitar a sinatura de 4 novos convenios (Univ. Pompeu Fabra; Univ. de Barcelona; Univ. de Girona; Univ. de Murcia e Univ. de Vigo) que completan por primeira vez o intercambio Sicue con todos os centros que en España ofertan unha titulación homónima.

Non obstante, malia os esforzos feitos polo Centro para ampliar a oferta e informar ao alumnado, a participación do alumnado decreceu nos últimos cursos e a participación de PDI resulta dende o primeiro curso case testimonial.

#### **Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

As reflexións anteriores fundaméntanse nos datos aportados pola Área de Calidade e na información recollida polo propio Centro a través das enquisas a egresados, alumnado de cuarto curso e PDI feitas en novembro de 2013.

Por outra banda, os indicadores disponibles sobre mobilidade aportan a seguinte información:

- a) O indicador IN17G-PC-08, porcentaxe de estudantes enviados en programas de mobilidade sobre o total de matriculados (4,14%), revela a recuperación das porcentaxes en torno ao 4% de cursos anteriores (1,97%; 4,58%; 3,94%; 4,78%; 2,48%). É recomendable seguir intensificando as accións de promoción da Universidade e do Centro entre colaboradores dos programas de mobilidade. Con todo, a Comisión de Calidade admite que existe un impedimento para a mobilidade en 4º curso, pola imposibilidade de convalidación do Traballo de Fin de Grao, polo que insta á equipa decanal a facer as xestións que resolvan este problema e mesmo resolva os problemas existentes de convalidación de materias tardía.
- b) O indicador IN18G-PC-08, porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (11,59%), mostra unha lixeira recuperación fronte á tendencia á baixa dos cursos anteriores (23,65%; 15,69%; 19,42%; 19,36%, 10,84%). Sigue sendo recomendable intensificar as accións de promoción da Universidade e do Centro entre colaboradores dos programas de mobilidade.
- c) O Informe 03 (Procedencia / destino de estudantes participantes en programas de mobilidade) mostra que a relación alumnos saíntes /entrantes é 20/56. Dos saíntes, 6 o son por convenio bilateral con América Latina; 11 Erasmus+ e 3 Sicue. Dos entrantes, 30 o son por convenio bilateral, en especial con América Latina, 24 Erasmus+ e 2 Sicue. A Comisión abstense de valorar este indicador ao non dispor de datos comparativos tanto de evolución como de distribución da participación por programas noutros centros. Con todo, solicita que a equipa decanal intensifique o labor de promoción da mobilidade no Centro.

**1.3.- El título cuenta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar si el desarrollo del plan de estudios posibilita la adquisición de las competencias por parte de los estudiantes y, en su caso, se establecen las acciones de mejora oportunas.**

A política de calidade aplicada ao título, no marco das directrices emanadas da USC, xira en torno ao seguimento permanente da execución do programa formativo no que asumen un papel central o/a coordinador do grao e os coordinadores de cada curso.

Os mecanismos de seguimento que permiten garantir a adquisición de competencias por parte do alumnado complétanse cos órganos que especificamente resolven as reclamacións / incidencias do funcionamento do programa de prácticas externas e a realización do Traballo de Fin de Grao.

Ademáis das estruturas de coordinación postas a disposición do programa formativo, a Comisión de Calidade, seguindo a práctica das enquisas implementadas no curso 2013-14 pretende convertilas nun mecanismo trienal de recollida de información entre egresados, alumnado do último curso e PDI.

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

Dende o curso 2013-14 está operativa a rede de PDI-coordinadores de curso, que informan ao coordinador do título e ao responsable de calidade. Esta estrutura, básica para recibir información directa do PDI sobre o proceso de implementación do título, atópase aínda en fase de desenvolvemento.

O coordinador do título de grao, en contacto directo co PDI, PAS e o alumnado, é responsable da supervisión da execución das actividades académicas nos seguintes términos:

- Velar para que os procedementos relativos á titulación sexan realizados segundo as directrices establecidas polo SGIC.
- Informar á Comisión de Calidade sobre o seguimento do Título, valoracións da eficacia da súa implementación e suxerir medidas de mellora.
- Recompilar, xunto co responsable de calidade, todos os datos necesarios para que a Comisión de Calidade poida realizar as diferentes análises de seguimento do título, establecer plans de mellora ou de modificación do título.
- Velar pola implantación de melloras da titulación aprobadas.

Para facilitar o labor do coordinador do Título e mellorar a recolleita de información directa e a resolución inmediata de calquera incidencia que poida xurdir, o Centro conta con coordinadores/as por cada curso académico que se encargan de analizar o contido do programa formativo do curso para detectar posibles lagoas ou duplicidades, tendo en conta o planificado no plan de estudos. Preténdese que os coordinadores/as de curso realicen un informe previo á impartición da docencia no que dean conta á Comisión de Calidade de posibles lagoas ou duplicidades tendo en conta o programa formativo planificado.

No que atinxe á coordinación de prácticas, existe dende o curso 2012-13 unha rede de tiores internos que informan a un responsable xeral de prácticas. A xestión do programa de prácticas externas, mobilidade e TFG está apoiada, igualmente, por unha Comisión propia delegada da Xunta de Facultade onde se organiza a elaboración dos TFG (asignación de tiores/as; resolución de incidencias e reclamacións; organización de tribunais e fixación dos calendarios de defensa) e a organización das prácticas (oferta, periodos de realización, rendemento e reclamacións).

Respecto do programa de prácticas, algún dos indicadores e informes fornecidos pola Área de Calidade aportan información adicional:

- a) O dato do indicador IN22G-PC-09, porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (97,26%), é coherente coa oferta obrigatoria do programa de prácticas externas, polo que mantén, igualmente, a tendencia dos anos precedentes (0%, 100%, 100%, 98,25%, 98,15%).
- b) O Informe 06 da conta da enquisa de satisfacción de estudantes sobre prácticas externas. A taxa de resposta é moi baixa (6,9%). Aínda que as valoracións que reflicte a enquisa son inferiores ás da media da USC, o último ítem, que reflicte a satisfacción global é superior (4,40 puntos, fronte os 4,11 da USC). Sobre este particular o Centro dispón de datos propios -máis precisos- provintes das memorias que o alumnado debe entregar ao rematar o período de prácticas.
- c) Da interpretación dos datos do Informe 07 (Enquisa satisfacción de tiores externos (prácticas externas) faise una valoración positiva. Como no caso anterior, o Centro dispón de datos adicionais provintes das memorias que o

alumnado debe entregar ao rematar o período de prácticas.

- d) Do informe 08, sobre a enquisa de satisfacción de titores académicos sobre prácticas externas, dada a baixa taxa de resposta non se fan comentarios. En todo caso, a través da coordinación de 4º curso dispónse de datos sobre a marcha do programa, dende o punto de vista dos titores internos, así como dos elementos a mellorar.

#### 1.4. Los criterios de admisión aplicados permiten que los estudiantes admitidos tengan el perfil de ingreso adecuado para iniciar estos estudios.

O procedemento de ingreso non introduce ningún tipo de esixencia adicional aos itinerarios establecidos no ensino medio que xa fixa o proceso selectivo coordinado pola CIUG. O Centro non ten establecido nota de corte.

Aínda que a implementación do título evoluciona conforme ao establecido na memoria e os datos de matrícula son positivos, considérase que a nota de ingreso é baixa e requiriría a posta en práctica, primeiro, dunha análise de datos de ingreso e dun estudo de expectativas entre o alumnado de primeiro e, posteriormente, o deseño dun plan propio de captación de alumnado.

Así mesmo, na liña de paliar as deficiencias que no ingreso pode amosar o alumnado, dada a nota baixa de ingreso, o PDI de primeiro suxire a introdución dun curso ponte que permita reforzar competencias básicas ao alumnado para afrontar solventemente a súa adaptación as materias do título.

#### Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

Dos indicadores fornecidos pola Área de Calidade, compre facer as seguintes observacións:

- a) A nota media de acceso por preinscripción (IN06G-PC-05) (6,75) mantén a tónica dos cursos anteriores (6,24; 6,61; 7; 7,12, 6,88) -en torno ao 6,77 de media dos 5 cursos precedentes-, mostrando que o ingreso se acaba cunha nota baixa. A Comisión considera a necesidade de impulsar un plan para a captación de alumnado excelente. Neste sentido, tras diagnosticar unha posible imaxe distorsionada das saídas profesionais do grao, a Comisión considera pertinente, en liña coa suxestión feita polo profesorado de primeiro curso na reunión de avaliación do curso 2014-15 (en data 23/06/15), a realización dun estudo de expectativas e motivos da elección da titulación entre os novos alumnos así como unha avaliación da percepción social que ten a titulación entre o alumnado de bacharelato e os equipos de orientación dos institutos entre os que se sospeita unha errada identificación do Título co ámbito das humanidades. Así mesmo, instase á equipa decanal á organización de actos culturais e de divulgación dirixidos ao alumnado de ensino medio. Finalmente, se suxire a introdución de cursos ponte. Con todo, advírtese que o nivel alto da carga docente e administrativa do PDI e PAS do Centro pode obstaculizar calquera tipo de dedicación adicional.
- b) O indicador IN07G-PC-05 mostra que a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a 6 (69,23%) mantén o descenso iniciado no curso 2012-13 (76,92%; 71,3%), malia que se sitúa na media en torno ao 68% que ofrecen os datos dende o curso 2009-10. A constatación dun descenso na porcentaxe de alumnado que ingresa con esta nota é valorada negativamente pola Comisión de Calidade.
- c) As actas das xuntanzas de coordinación do PDI de primeiro curso aportan información adicional sobre a percepción das capacidades do alumnado no momento de ingreso e o seu desempeño ao longo do curso. Asimesmo, a interpretación de datos sobre o indicador IN35G-S01-PM01, taxa de éxito, considérase, sendo o dato de primeiro moi inferior aos dos cursos superiores, revelador sobre a falta de encaixe entre a formación previa do alumnado e os contidos e competencias que no primeiro curso se deben tratar e desenvolver.

#### 1.5.- La aplicación de las diferentes normativas contribuye a la eficiencia en los resultados del título.

As diversas normativas aplicadas garanten a implementación do Título. Ademais, a normativa propia elaborada polo Centro (TFG; Xestión de espazos e infraestructuras; cumprimento de obrigas docentes) completa axeitadamente aspectos de organización do proceso formativo.

Non obstante, considérase necesario elevar aos órganos competentes da USC suxestións relativas ao proceso de incorporación de novo alumnado, mobilidade e TFG.



**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

As actas das reunións de coordinación de PDI realizadas suxiren as seguintes liñas de mellora:

- a) Solicitar que non se admitan incorporacións de alumnado no mes de novembro.
- b) Redeseñar o calendario de exames.
- c) Replantexar o control de asistencia do alumnado e a súa incidencia na cualificación final.
- d) Redeseñar os módulos (horarios) de docencia, facéndoos máis flexibles (permitindo distribuir as sesións expositivas e interactivas máis axeitadamente, establecendo periodos concretos de concentración de cada tipo de sesións segundo a pauta de ensino máis coherente) e ampliando as sesións (expositivas e interactivas) a 90 minutos.
- e) Concentrar no tempo a impartición das materias optativas.
- f) Modificar o sistema de introdución de notas nas actas para facer posible reflectir -nos casos do alumnado suspenso na primeira convocatoia- na segunda convocatria de cada materia un eventual "non presentado" ou unha nota inferior á obtida na primeira convocatoria.
- g) Facilitar o recoñecemento do TFG e prácticas externas nos programas de mobilidade.
- h) Instar a unha planificación dos POD non só con posterioridade á aprobación dos PDA, senón anticipatoria, especialmente, en títulos que xa consolidaron a súa implantación.

## DIMENSIÓN 1. LA GESTIÓN DEL TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN Y TRANSPARENCIA:

**Estándar: La institución dispone de mecanismos para comunicar de manera adecuada a todos los grupos de interés las características el programa y de los procesos que garantizan su calidad.**

Analizar y valorar si la información relevante sobre el título es pública y está disponible, en tiempo y forma, para todos los agentes implicados en el mismo (estudiantes, empleadores, administraciones educativas y otros grupos de interés).

**2.1.- La institución publica, para todos los grupos de interés, información objetiva, suficiente y actualizada sobre las características del título y sobre los procesos que garantizan su calidad.**

A información sobre os elementos fundamentais relacionados co título está garantida a través da páxina web institucional da USC e e, concreto, no espazo que nela se reserva ao Centro. A información publicada é suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.

A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título. A web garante o acceso á información a todos os grupos de interese.

En relación coa información relativa aos procesos relacionados coa xestión do título levados a cabo dende o Centro, utilízanse os seguintes medios para a súa difusión:

- Espazo web do Centro aloxado no sitio web institucional da USC
- Taboleiro electrónico (aulario)
- Taboleiros convencionais (edificio central e aulario)
- Envío masivo de correo electrónico ao alumnado (convocatorias; vencemento de prazos).
- Envío por correo ordinario / certificado (convocatorias; vencemento de prazos).
- Xuntanzas informativas (benvida en primeiro; benvida a alumnado de mobilidade; convocatorias -TFG, prácticas externas; mobilidade).
- Actos promocionais do título en centros de ensino secundario.

Valórase positivamente a utilización dos sistemas de difusión da información da USC e a mellora substantiva da organización, oferta de contidos e frecuencia de actualización do espazo web da titulación na web do centro levada a cabo nos dous últimos cursos.

Na liña dos medios de información expostos, valórase positivamente a organización de actos de benvida (información e resolución de dúbidas) destinados aos matriculados no primeiro curso e aos alumnos incorporados en programas de mobilidade; o reforzo das actividades de adaptación dos alumnos incorporados a través do programa de alumnos-titores e en colaboración coas asociacións de estudantes; a colaboración nas accións de promoción da universidade a través do programa "A Ponte" e a realización de xornadas específicas de promoción da titulación entre os alumnos de ensino secundario.

### Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

Da información fornecida pola Área de Calidade, compre facer as seguintes observacións:

- a) Sobre o indicador IN23G-PC-12 (Satisfacción dos egresados coa información recibida), só se dispón dun valor: 3 sobre 5. Considérase insuficiente a información fornecida.
- b) No que atinxe a información contida no informe 09, a Comisión de Calidade considera moi insuficiente a taxa de resposta (5,7%) á enquisa de satisfacción dos egresados, dos que só responden 3 individuos. Insta ao Centro a facer maiores esforzos para difundir entre os egresados a necesidade de participar na enquisa. Con todo, en función do informe, valóranse positivamente os resultados acadados. Non obstante, nos seguintes aspectos as valoracións que fan os egresados son inferiores á media da USC: información dispoñible sobre matrícula e procesos de xestión académica (prazos e documentación; secretaría virtual; atención ante reclamacións no decanato) o que obriga a mellorar a información e xestión interna de procedementos así como instar a que os órganos competentes da USC adopten as medidas correctoras necesarias.

Así mesmo, en función da información da que dispón o Centro, fanse as seguintes observacións:

- c) Aínda recoñecendo as melloras introducidas nos contidos da web do centro, compre perfeccionar a información fornecida sobre os procesos internos (decisións dos órganos de goberno do Centro; guías) e intensificar o esforzo informativo facendo presente a titulación nas redes sociais.
- d) Tamén se considera urxente mellorar a oferta de información sobre o título en lingua inglesa (destinada a estudantes estranxeiros). Na actualidade se fornece información nesta lingua en relación co suplemento

europeo, pero é necesario elaborar unha información propia na web do Centro. Igualmente, é preciso intensificar os esforzos de promoción do título entre universidades colaboradoras e aumentar a participación do PDI nas actividades promocionais da titulación.

- e) Finalmente, considérase oportuno potenciar, en colaboración co Comité Consultivo, as accións promocionais e de recoñecemento do título no ámbito territorial de captación de alumnado.

## DIMENSIÓN 1. LA GESTIÓN DEL TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDAD:

**Estándar: La institución dispone de un sistema interno de garantía de la calidad formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, la mejora continua de la titulación.**

Analizar la implantación del Sistema de Garantía de Calidad (SGC) y valorar su contribución a la mejora continua del título.

**3.1.- El SGC posee los mecanismos necesarios para recoger la información precisa, analizarla, detectar debilidades y proponer acciones de mejora, realizando un seguimiento de las mismas.**

A USC ten establecido e mantén documentado e implantado un Sistema de Garantía Interna de Calidade e mellora continuamente a súa eficacia de acordo cos requisitos dos modelos de garantía de calidade Fides-Audit. De acordo con este modelo, o deseño do Sistema de Garantía Interno de Calidade aplicado a todas as ensinanzas oficiais impartidas no centro obtivo un informe positivo conforme ás directrices establecidas na documentación vixente do Programa FIDES – AUDIT. Dentro deste SGIC marco, e de acordo con un modelo simplificado aprobado pola USC, a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais aprobou na Xunta de Facultade do 12 de maio de 2015 o seu Manual simplificado do SGIC da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais. Este SGIC foi aprobado definitivamente polo Consello de Goberno da USC o 12 de xuño de 2015.

Como consecuencia da recente aprobación do Manual simplificado do SGIC da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais aínda non foi posible poñer en marcha o Comité Consultivo. A Comisión de Calidade na súa reunión do 27 de xullo de 2015 acordou que a Facultade contaría con un único Comité Consultivo para todas as titulacións impartidas no centro e fixou a súa composición en 12 membros (5 representantes externos vencellados ao Grao en Ciencia Política e da Administración, 3 representantes externos vencellados ao Máster de Marketing, Consultoría e Comunicación Política, a Decana, o responsable de calidade do Facultade, e os coordinadores dos títulos de Grao e Master). Na reunión da Comisión de Calidade do 10 de decembro de 2015 acordouse a composición concreta do Comité Consultivo da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais tal e como se recolle no documento anexo (Comite\_Consultivo.pdf). Como acción de mellora para o curso 2015-2016 recóllese a súa constitución e posta en funcionamento.

O SGIC concrétese nos procesos, completados por varios procedementos auxiliares, definidos no SGIC marco, sen variacións adoptadas no centro. O desenvolvemento de cada proceso/procedemento contense no manual de procesos do SGIC marco da Universidade, así como na aplicación informática de soporte ao Sistema de garantía de calidade do Centro. Toda a información está dispoñible a través da páxina web do centro.

De acordo co establecido no SGIC marco da USC e no SGIC da Facultade, os procedementos de recollida de información funcionaron adecuadamente e facilitaron os datos necesarios aos órganos da Facultade.

A Información recollida de acordo cos procedementos do SGIC foi analizada a través dos diferentes órganos de Goberno, comisións e da estrutura para o desenvolvemento do SGIC (Equipo decanal; Responsable de Calidade do Centro; Coordinador do Título; Xunta de Facultade; Comisión de Calidade do Centro; Comisión de Cultura, Biblioteca e Normalización Lingüística; Comisión de Docencia; Comisión Económica e de Infraestruturas; Comisión do Traballo Fin de Grao, prácticas externas e mobilidade).

No Grao en Ciencia Política e da Administración non se requiren accións de coordinación con outros centros por impartirse unicamente na Facultade de Ciencia Políticas e Sociais de Santiago de Compostela.

Para analizar a calidade do ensino e a do profesorado utilízanse datos relativos a PDA, POD, información sobre o persol de apoio, sobre o profesorado, informes sobre cualificacións, e varias enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado. Os datos e informes son analizados polos órganos do SGIC para acadar a mellora da calidade das ensinanzas. A recollida de información e o tratamento da mesma desenvolveuse segundo o previsto, aínda que habería que indicar que o nivel de participación do alumnado nas enquisas é moi baixo, o que resta fiabilidade aos resultados das enquisas. Para incrementar o nivel de participación do estudantado nas enquisas de satisfacción, nos períodos de realización das mesmas, a dirección do centro está dándolle publicidade ás mesmas a través das pantallas do centro e estanse a remitir comunicacións individuais ao alumnado instando a súa participación.

Os procedementos de suxestións e reclamacións están recollidos no SGIC. O procedemento de suxestión e queixas recolle a súa tramitación a través do Valedor da Comunidade Universitaria, a través da Oficina de Análise de Reclamacións (o tratamento de queixas, suxestións e recursos administrativos), e a través do Decanato da Facultade. Cos datos fornecidos, analízanse os resultados relativos a incidencias e reclamacións asociados á planificación e

desenvolvemento do ensino, para poder establecer accións de mellora.

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

A documentación na que se basea este apartado é a relativa a SGIC do Centro e actas dos órganos de goberno da facultade (Xunta de Facultade; Comisión de Calidade do Centro; Comisión de Cultura, Biblioteca e Normalización Lingüística; Comisión de Docencia; Comisión Económica e de Infraestruturas; Comisión do Traballo Fin de Grao, prácticas externas e mobilidade), así como actas dos mecanismos de coordinación (Coordinador do Título; Coordinadores de curso).

**3.2.- La implantación del SGC facilita el seguimiento de los títulos, la renovación de la acreditación y garantiza la mejora continua permitiendo la introducción de modificaciones en el título.**

Na implantación do SGIC implícase a todos os grupos de interese internos, e a través dos órganos previstos no mesmo analízanse diversos indicadores (Prazas ofertadas; Matrícula total; Matrícula de novo ingreso; Matrícula de inicio de estudos; Nota media de acceso; Estudantes en programas de mobilidade; Estudantes estranxeiros;...) que permiten ter un coñecemento detallado de todos os aspectos relevantes para o seguimento do Título e para propoñer modificacións e que melloren o Título.

Nas actas das reunións da Comisión de Calidade recóllense as valoracións sobre a análise dos distintos indicadores, que sirven de base para formular propostas de mellora que son recollidas nos informes de seguimento e de renovación da acreditación do Título.

As propostas de mellora teñen asignado un responsable da súa execución, e revísanse periódicamente nas reunións da Comisión de Calidade para facer un seguimento da súa consecución. Das propostas de mellora recollidas na memoria de seguimento do Título elaborouse a solicitude presentada á convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia do ano 2015, que obtivo unha axuda de 3.600 € da vicerreitoría de Comunicación e Coordinación para levar a cabo un estudo sobre egresados de titulacións impartidas neste centro.

A dirección do centro e o Responsable de Calidade do Centro trasladan á Comisión de Calidade os informes e recomendacións dos diferentes procesos de verificación, seguimento e renovación da acreditación, que se encarga da súa análise e de propoñer no seu caso plans e accións de mellora.

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

Os datos fornecidos polo servizo de persoal e a Área de Calidade permiten facer as seguintes valoracións:

- a) IN15G-PC-08: A Comisión valora positivamente a puntuación acadada (3,41). Aumenta respecto do curso anterior (3,07). Non obstante, contrasta cos datos do INF 04, no que se indica unha puntuación de 4,38.
- b) INF 04: A Comisión considera insuficiente a taxa de resposta (38,1%) á enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes, dos que só responden 8 individuos. Insta ao Centro a facer maiores esforzos para difundir entre o alumnado participante en programas de mobilidade a necesidade de participar na enquisa. Nos seguintes aspectos as valoracións que fan os egresados son inferiores á media da USC: información previa suficiente en relación co programa por parte dos diversos órganos competentes; facilidade de solicitude e adxudicación do programa; formación recibida na universidade de acollida; recoñecemento académico na USC dos estudos cursados durante a mobilidade. As restantes puntuacións, incluída a da satisfacción global co programa de mobilidade e coa experiencia vivida (4,38/5) son superiores ás da USC. Respecto da información que os estudantes reciben previamente á súa participación, a Comisión resalta que se organizan reunións informativas, pero que a asistencia do alumnado é escasa, multiplicando o esforzo que os coordinadores do Centro e o responsable da unidade de xestión deben facer posteriormente para informar individualmente aos alumnos/as. Non obstante, súxírese mellorar a información fornecida ao alumnado intensificando os contactos coas universidades de acollida.
- c) IN16-PC-08: A Comisión valora positivamente a puntuación acadada (4,41). O dato provén do INF 05. Non se dispón de datos do propio indicador. A puntuación é moi elevada, por riba da media da USC (4,33).
- d) INF 05: A Comisión considera insuficiente a taxa de resposta (20,6%) á enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes, dos que só responden 17 individuos. Insta ao Centro a facer maiores esforzos para difundir entre o alumnado entrante de programas de mobilidade a necesidade de participar na enquisa. Os mecanismos de información utilizados para acceder á oferta do Centro (oferta académica e información da Oficina de Relacións Exteriores da universidade de orixe) son semellantes aos empregados por outros

alumnos entrantes na USC. A información ofrecida polo Centro sobre aspectos extraacadémicos é puntuada de xeito inferior á da fornecida pola USC, así como no ítem valoración da axuda (en temas sociais, culturais, académicos) recibida polos outros alumnos e polo coordinador académico do Centro. Resulta tamén moi inferior á media da USC a valoración do grao de integración cos estudantes locais. Non obstante é elevada a puntuación outorgada á experiencia de intercambio (4,41) e a porcentaxe de alumnado que recomendaría a experiencia (94,1%), superiores en ámbolos dous ítems os valores da USC. A Comisión recomenda que o Centro faga maiores esforzos de integración do alumnado entrante e que na planificación anual de actividades culturais se contemplen actividades específicas que enriquezan a experiencia do alumnado entrante.

- e) IN19G-PC-09: O resultado (3,76) mellora o do curso anterior (3,51). Sen embargo, segue sen recuperarse a puntuación obtida no curso 2012-13 (4,16), primeira da serie.
- f) INF 06: A Comisión considera insuficiente a taxa de resposta (6,9%) á enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes, dos que só responden 6 individuos. Insta ao Centro a facer maiores esforzos para difundir entre o alumnado a necesidade de participar na enquisa. Aínda que as valoracións que reflicte a enquisa son inferiores ás da media da USC, o último ítem, que reflicte a satisfacción global é superior (4,40 puntos, fronte os 4,11 da USC). A Comisión desexa valorar positivamente as melloras introducidas nos últimos cursos na organización das prácticas por parte do Centro (rede de titores; aumento de convenios), especialmente salientables nun contexto no que a oferta supón a realización de esforzos organizativos considerables para garantir o funcionamento do programa.
- g) IN20G-PC-09: A Comisión considera que a puntuación (3,93) é elevada, aínda que inferior á do curso precedente (4,25). Non se dispón de datos anteriores, o que impide facer unha valoración da evolución dos datos do indicador.
- h) INF 07: A Comisión considera insuficiente a taxa de resposta (20%) á enquisa de satisfacción dos titores/as externos/as, dos que só responden 17 individuos. Aínda que o Centro dispón dos seus propios sistemas para recoller datos sobre a valoración que fan os titores externos, a Comisión insta ao Centro a difundir entre os titores externos a necesidade de participar na enquisa organizada polos servizos de calidade. A Comisión considera elevado o grao de satisfacción xeral coas prácticas manifestado polos titores/as externos (4,29).
- i) IN21G-PC-09: A Comisión considera que a puntuación (4,8) é moi elevada e mellora a anterior (4,6/5).
- j) INF 08: A Comisión considera insuficiente a taxa de resposta (25%) á enquisa de satisfacción dos titores/as externos/as, dos que só responde 1 individuo. A Comisión solicita aos titores académicos que participen na enquisa organizada polos servizos de calidade e que, en todo caso, manteñan alomenos unha xuntanza anual coa coordinadora de 4º curso para facer balance do programa. En xeral, as puntuacións do profesorado son máis elevadas que a media da USC.
- k) IN46G-S01-PM-01: A Comisión opina que a puntuación acadada (3,74) é elevada, similar á do curso anterior (3,74) e superior aos precedentes (3,65). O grao de satisfacción concedido a cada curso é o seguinte: primeiro, 3,73; segundo, 3,54 e terceiro, 3,90. Non se dispón de datos de cuarto curso nin das medias de referencia da USC, o que impide facer outros comentarios.
- l) INF 13: A Comisión considera insuficiente a taxa de resposta á enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (21,2%) e critica mesmo a falta de control sobre a mostra. A Comisión insta ao Centro a facer maiores esforzos para difundir entre o alumnado a necesidade de participar na enquisa. Respecto dos resultados da enquisa, a Comisión aprecia positivamente que todos os ítems rolden ou superen os 3,5 puntos e que dous acadan un mínimo de 4: "Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente" e "Cumpre co programa e o plan de traballo previsto". A Comisión insta á comunidade académica do Centro a procurar mellores niveles de satisfacción, especialmente suxerindo unha maior comunicación entre representantes do alumnado e coordinadores de curso e de título.
- m) IN47G-S01-PM-01: O dato (3,65) é positivo e superior aos cursos precedentes (3,57 e 3,23).
- n) INF 14: A Comisión considera insuficiente a taxa de resposta á enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (34,38%). A Comisión insta ao Centro a facer maiores esforzos para difundir entre o profesorado a necesidade de participar na enquisa. Respecto dos resultados, A Comisión considera as

puntuacións aceptables. O PDI (23 enquisados) valora negativamente (por debaixo de 3 puntos) o nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) para afrontar os contidos da materia. Destaca a súa valoración positiva (por riba dos 4 puntos) dos seguintes ítems: o seu coñecemento do nivel de comprensión do alumnado; a súa satisfacción coa relación creada co alumnado nas clases e titorías e o nivel de coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia. Así mesmo, máis dun 60% do PDI enquisado manifesta estar interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ás novas tecnoloxías aplicadas á docencia e en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico xeral. A Comisión considera pertinente examinar os resultados deste informe en contraste coas actas de reunións de coordinación por curso. Así, en función desas actas, detéctase que o profesorado mostra o seu descontento cos seguintes aspectos: organización do calendario de exames; baixo rendemento do alumnado na elaboración de traballos; baixa participación en clase; absentismo do alumnado; incorporación tardía de alumnado en setembro; sistema de confección de actas de convocatorias extraordinarias (censúrase o mantemento dunha nota de partida no caso de alumnado suspenso na primeira convocatoria); a escasa participación do titor na cualificación final dos TFG e a composición dos tribunais de TFG.

En función das deficiencias detectadas polo profesorado, propóñense varias medidas: elevar comunicación aos órganos administrativos centrais competentes (USC) suxerindo redeseñar o calendario de exames deixando unha semana baleira entre o final das vacacións / actividade lectiva e o comezo dos exames e corrixir, na medida do posible, a incorporación tardía do alumnado tras o inicio de curso e o sistema de cualificación de alumnado suspenso en convocatorias extraordinarias ; suxerir ao decanato unha distribución de exames axeitada para a carga de obrigas do alumnado e establecer unha quenda de exames fixa na que vaian rotando as datas das materias anualmente; introducir un obradoiro de expresión escrita e oral en primeira; considerar a introdución dun curso ponte. Así mesmo, Proponse que a Comisión de Calidade efectúe unha valoración do absentismo tomando en consideración os seguintes aspectos: reformular o sistema de control de asistencia dos alumnos ás clases por parte dos docentes e a súa incidencia na cualificación final ou revisar os horarios docentes, nun dobre sentido: concentrar nos mesmos días as clases interactivas; ampliar a duración de todas as clases a 90 minutos; concentrar no tempo o período de impartición das materias optativas de xeito que en lugar de impartirse ao longo de todo o semestre puideran cursarse de forma sucesiva (primeiras semanas, unha materia completa; últimas semanas do semestre, outra materia); co obxecto de incentivar a asistencia dos alumnos ás clases interactivas suxírese que o profesorado valore a parte práctica da materia cos mesmos criterios no exame final e na recuperación de nullo. Finalmente, no que atinxe ao TFG, suxírese que a Comisión de TFG xunto co coordinador do título elaboren nos vindeiros meses unha proposta encamiñada a cambiar o modelo actual de avaliación dos TFG que debe ser aprobada polos órganos representativos correspondentes. Igualmente, suxírese explorar a posibilidade de poñer en marcha un seminario de elaboración de TFG obrigatorio para o alumnado cuxa docencia será impartida por profesorado da facultade e será recoñecida no POD.

- o) IN23G-PC12: O dato (3) considérase aceptable. Non se dispón de datos precedentes que permitan a comparación.
- p) IN42G-S01-PM-01: O dato (3,44) é aceptable, e mellora o do único curso con información dispoñible (2012-13): 2,58. A Comisión suxire consultar os datos resultantes da enquisa interna realizada en 2013, de satisfacción do alumnado egresado co plan de estudos.
- q) INF 09: Comentado no apartado " Información e Transparencia".

### **3.3.- El SGC implantado se revisa periódicamente para analizar su adecuación y, si procede, se establecen las mejoras oportunas.**

En todos os órganos do SGIC están representados os grupos de interés internos (PDI, PAS e estudantado), polo que se garante a súa participación no proceso de elaboración, implantación e seguimento das accións de mellora. Queda por constituir o Comité Consultivo Externo no que se está traballando, que garantizará a representación de todos os grupos de interés e aportará una visión complementaria na elaboración das accións de mellora.

Da análise e revisión dos procedementos da Facultade, e coa participación de todos os grupos de interés internos, xurdiron as normativas internas aprobadas pola facultade (Regulamento dos Traballos Fin de Grao en Ciencia Política e da Administración; Regulamento Interno de Xestión de Espazos; e Mecanismo de Supervisión do Cumprimento de Obrigas Docentes).

Como indicabamos no apartado 1 deste criterio 3, o SGIC desta Facultade ven de ser aprobado neste ano, o que pon de manifesto o compromiso deste centro coa calidade, pero dada a recente aprobación do SGIC aínda quedan determinados aspectos que están pendentes de concreción, e que deberán ser recollidos como proposta de mellora, tales como a aprobación do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais ou a elaboración da Memoria de Calidade do Centro.

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

A valoración fundaméntase nos indicadores e informes comentados no apartado 3.2



## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar: El personal académico y de apoyo es suficiente y adecuado de acuerdo con las características del título y el número de estudiantes.**

Analizar y valorar la adecuación del personal académico y de apoyo que participa en el título objeto de evaluación.

#### 4.1.- Personal académico. El título cuenta con profesorado suficiente y su cualificación es la adecuada, teniendo en cuenta las características del plan de estudios, las modalidades de impartición y las competencias que deben alcanzarlos estudiantes.

Segundo os datos do PDA e dos POD do curso 2014-2015, o PDI do Grao provén das áreas de ciencia política e da administración (18), socioloxía (6); economía aplicada (5); dereito internacional público e relacións internacionais (2) e dereito administrativo (1). Por categorías, prestan servizos no grao: 2 catedráticos de universidade; 17 titulares de universidade; 7 profesores contratados doutores; 1 axundante doutor; 1 contratada interina; 1 asociado e 3 bolseiras.

A pesar de que a Comisión de Calidade non dispón dun criterio fornecido polos órganos responsables de calidade a nivel autonómico sobre a idoneidade do PDI, considérase que o perfil profesional do PDI que imparte docencia no Grao en Ciencia Política e da Administración é axeitado.

Respecto ao PDI, a capacidade do persoal está acreditada polo feito de que o 62,07% do profesorado dispón de alomenos 1 sexenio de investigación e o 96,55% goza do grao de doutor/a. No caso do primeiro curso, a totalidade do PDI é doutor/a. Na titorización de TFG participa (cunha dedicación proporcional ao encargo docente por área) todo o PDI doutor do grao e na titorización de prácticas externas un grupo de 4 docentes vinculados ás áreas de ciencia política e da administración e socioloxía. No último curso examinado os docentes titores de prácticas proviñan da área de ciencia política e da administración (2 titulares e 2 contratados doutores) cun perfil maioritariamente afín á xestión pública.

Non obstante, se detectan problemas de envellecemento de cadros de persoal, falta de reposición de baixas e sobrecarga da actividade docente (as ratios alumnado profesor son elevadas e superan as medias da USC) aos que se engade unha transferencia crecente ao PDI de traballo administrativo que contribúen á eliminación progresiva do tempo destinado a investigación, o que pon en perigo as posibilidades reais de carreira profesional.

Así mesmo, a Comisión fai constar a existencia de problemas administrativos relacionados co recoñecemento ao PDI da titorización de TFG e prácticas externas non axeitamente solucionados polos órganos competentes.

A USC dispón dun programa de formación continua do PDI e xestiona tamén para ese colectivo programas de mobilidade en coordinación cos Centros. Sen embargo, tanto en formación como en mobilidade a participación do persoal é mínima e require examinar os posibles obstáculos que atopa dita participación.

#### Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

Os datos fornecidos polo servizo de persoal e a Área de Calidade permiten facer as seguintes valoracións:

a) Segundo o indicador IN24G-PS-01, a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o total do PDI ascende a 62,07. A porcentaxe segue en aumento dende o curso 2009-10 (31,03%; 34,48%; 41,94%; 53,33%; 51,72%) alcanzando agora a cota máis elevada (62,07%), por enriba da media da USC (60,56%). Aínda que a porcentaxe por departamento implicado na docencia é desigual, pódese constatar que por cada PDI dispónse de 1,12 sexenios e 3,18 quinquenios.

Coa finalidade de xerar oportunidades para o desenvolvemento dunha actividade investigadora acorde ás esixencias dos actuais sistemas de promoción profesional (sexenios), e sen menoscabo da calidade da docencia, súxírese a organización da docencia procurando deixar un cuadrimestre dispoñible para que o PDI desenvolva actividade investigadora. De feito, se por sobrecarga de docencia ou actividades de xestión non se dan as condicións axeitadas para o desenvolvemento da investigación, o envellecemento do cadro de PDI traerá como consecuencia a diminución da porcentaxe de PDI con sexenios. Respecto do desempeño do PDI, a Comisión valora positivamente a implantación do sistema de cumprimento de obrigas docentes.

b) O indicador IN25G-PS-01, sobre PDI que goza do grao de doutor/a, presenta unha porcentaxe similar a do curso precedente (96,55%), mostrando ambos cursos o mellor rexistro dende a implantación do título (93,1%; 89,66%; 90,32%; 93,33%; 96,55%). A práctica totalidade do cadro de PDI goza do grao de doutor, superior á

media da USC (85,03%). A Comisión advirte a ameaza que supón o envellecemento do cadro do persoal, a imposibilidade de reter o alumnado de terceiro ciclo e as nulas perspectivas de carreira académica por falta de reposición. Nese sentido, a Comisión insta aos órganos competentes a definir estratexicamente a política de recursos humanos garantindo a renovación do PDI.

c) Segundo o IN26G-PS-01, 19 dos 32 membros do cadro de profesorado son funcionarios. A porcentaxe de PDI funcionario volve ao rexistro da posta en marcha do título (65,52%; 72,41%; 64,52%; 70%; 68,97%). Dende o punto de vista da estabilidade do cadro de PDI, trátase dunha porcentaxe razoablemente positiva. Non obstante, a variación resulta sensible ao proceso de envellecemento do cadro de persoal e ás baixas por xubilación de persoal funcionario non repostos con novas incorporacións ou con funcionarizacións de persoal con contratos laborais. Con todo, o dato está en liña coa media da USC (64,60%).

d) Non se dispón de datos relativos ao indicador IN27G-PS-01. Non hai constancia de participación de PDI no programa.

e) Respecto do informe I9, malia que non toda a participación do profesorado en programas de mobilidade está recollida (por exemplo, a mobilidade enmarcada en bolsas do Ministerio ou a do programa Tempus, das que hai constancia de participación), as porcentaxes de participación de PDI en programas de mobilidade son, en xeral, dende o curso 2009-10, moi baixas, especialmente nos dous últimos cursos (2013-14, 6,45%; 2014-15, 6,25%). A diminución de participantes rexistrada nos dous últimos cursos podería ter relación cunha eventual baixa competencia en idiomas ou coa sobrecarga docente e as dificultades que comporta solucionar o problema da substitución do PDI participante en mobilidade en cadros de persoal cada vez máis reducidos. A Comisión suxire elaborar un estudo sobre a baixa mobilidade elaborando unha enquisa e complementando a información obtida cos datos de solicitudes de licenza que obran no Centro.

f) Non se dispón de datos relativos ao Centro (IN28G-PS-01), polo que non é posible facer unha valoración específica.

g) Respecto do informe 10, n Non se dispón de datos relativos ao Centro. Os datos aportados pola USC indican unha satisfacción global (en toda a USC) moi alta, de 4,47 puntos (sobre 5), e que o 92,9% do PDI participante recomendaría a outros compañeiros/as que se matriculasen no mesmo curso que fixeron. A excepción dun so ítem ("Información previa recibida do curso", 3,91 puntos), todos os ítems puntúanse por riba do 4. A única información relativa ao Centro (sen especificar profesorado destinado ao Grao/Máster) fornecida pola Área de Calidade indica que o número de horas de asistencia a cursos (ofertados pola USC) por parte do PDI é a menor do período examinado (71 horas). Só o 12,5% do PDI realizou algún curso de formación, o dato máis baixo dende 2009-10. Na mesma liña de escasa actividade, compre subliñar que o PDI só realizou 8 cursos.

A Comisión suxire elaborar un estudo sobre a baixa participación do PDI en programas de formación continua elaborando unha enquisa e complementando a información obtida cos datos de solicitudes de licenza que obran no Centro. O estudo permitiría detectar a participación do profesorado en programas de formación continua non ofertados pola USC.

h) Segundo o indicador IN30G-PS-01, a ratio (17,25) segue en aumento respecto aos cursos anteriores (4,23, 5,28, 7,33; 15,71; 16,41), o cal pode repercutir negativamente na calidade de atención dispensada polo profesorado e nunha sobrecarga da dedicación aos procesos didácticos (avaliación) relacionados coa docencia de cada materia. A Comisión desexa por en evidencia que esta sobrecarga é especialmente preocupante na titorización dos TFG a pesar da redistribución da titorización feita tras a aprobación do actual regulamento co que se organiza o TFG no Centro. Adicionalmente, compre salientar que o dato do indicador é moi elevado respecto da media da USC (6,41).

i) Segundo o indicador IN31G-PS-01, o dato do curso examinado (64,31) mantén a media respecto dos cursos anteriores, aínda que aumenta lixeiramente respecto ao curso precedente (62,7). En todo caso, o dato é superior á media da USC (50,19). A Comisión considera necesario instar a Área de Calidade a obter datos desagregados por área de coñecemento, o que permitirá unha análise máis precisa deste indicador.

k) De acordo co indicador IN32G-PS-01, a media (33,58) aumenta lixeiramente respecto ao curso anterior (32,07), aínda que se sitúa, coa excepción do primeiro curso do que se dispón de datos, na tónica dos cursos precedentes. O dato é moi superior á media da USC (21,91). A Comisión considera necesario instar a Área de Calidade a obter datos desagregados por área de coñecemento, o que permitirá unha análise máis precisa deste indicador.

l) A valoración dos datos relacionados cos indicadores IN46G-S01-PM-01e IN47G-S01-PM-01, así como os dos informes INF 13 e INF 14, considérase feita no CRITERIO 3

**4.2.- Personal de apoio (personal de administración y servicios, técnicos de apoio a la docencia, etc.). El título cuenta con personal de apoio suficiente y su cualificación es la adecuada, teniendo en cuenta las características del plan de estudios.**

Considera que o perfil profesional do PAS é axeitado.

Pola súa banda, o cadro de PAS está conformado polos seguintes efectivos: Persoal laboral que atende o servizo de conserxería: 1 Conserxe (Grupo IV.I); 1 Oficial de servizos (Grupo IV.I) e 2 Auxiliares técnicos informáticos (Grupos IV.I). Persoal funcionario: 1 Responsable da Unidade (Grupo A2, nivel 24); 1 Responsable de Asuntos Económicos (Grupo C1, nivel 18); 1 Secretario de Decanato (Grupo C1, nivel 18); 1 Secretario de Administración (Grupo C1, nivel 18) dos Departamentos (Ciencia Política e da Administración; Socioloxía).

A USC dispón dun programa de formación continua do PAS e xestiona tamén para ese colectivo programas de mobilidade en coordinación cos Centros. Sen embargo, tanto en formación como en mobilidade, a participación do persoal é mínima e require examinar os posibles obstáculos que atopa dita participación.

**Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

Os datos postos á disposición da Comisión pola Área de Calidade permiten facer as seguintes valoracións:

a) Segundo o indicador IN29G-PS-01, o perfil profesional do PAS considérase axeitado. Non se dispón de datos relativos ao Centro, polo que non é posible facer unha valoración específica.

b) En relación co informe 11, tendo en conta que a USC dispón de servizos centralizados de xestión académica, os servizos administrativos e de xestión propios da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais están enmarcados dentro dunha única estrutura: a Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos, que coordina a xestión de toda a actividade administrativa derivada da xestión académica, económica e recursos humanos e presta apoio ás autoridades académicas na planificación e programación docente.

O informe 11 non aporta datos relativos ao Centro. Os datos fornecidos pola USC indican unha satisfacción global (en toda a USC) alta, de 4,11 puntos (sobre 5), e que o 85,6% do PAS participante recomendaría a outros compañeiros/as que se matriculasen no mesmo curso que fixeron. Aínda que a puntuación dada a todos os ítems supera os 3,5 puntos, os elementos menos valorados (menos de 4 puntos) Os elementos menos puntuados (< 3,75 puntos) foron: "Información previa recibida do curso" (3,51); "Sistema de selección empregado" (3,74) e "Adecuación da duración do curso aos contidos" (3,72). A única información relativa ao Centro fornecida pola Área de Calidade indica que o número de horas de asistencia a cursos (ofertados pola USC) por parte do PAS (31 horas) está na media (29,6) do período examinado (31 horas). A pesar dos poucos cursos feitos (4), a porcentaxe de PAS que atendeu actividades de formación continua ofertadas pola USC (66,7%) é o máis alto dende 2009-10. Como no caso do PDI, a Comisión suxire elaborar un estudo sobre a baixa participación do PAS en programas de formación continua elaborando unha enquisa. O estudo permitiría detectar a participación do profesorado en programas de formación continua non ofertados pola USC e as causas da escasa participación (pouca oferta de cursos; pouca oferta de prazas / restrición do acceso aos cursos; desaxuste da oferta coas necesidades do persoal).

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIALES Y SERVICIOS:

**Estándar: Los recursos materiales y servicios puestos a disposición del desarrollo del título son los adecuados en función de la naturaleza, modalidad del título, número de estudiantes matriculados y competencias a adquirir por los mismos.**

Analizar y valorar si los recursos materiales y servicios puestos a disposición de los estudiantes son los adecuados a las necesidades del título.

**5.1.- Los recursos materiales, infraestructuras y servicios puestos a disposición de los estudiantes y el profesorado son suficientes y adecuados a las características del plan de estudios, las modalidades de impartición y las competencias que deben alcanzar los estudiantes.**

O Grao desenvólvese nas instalacións da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela, no Campus Vida. O equipamento docente necesario para o axeitado desenvolvemento das actividades do Grao se amplía ou renova periodicamente a través dos recursos que, para este fin, recibe anualmente a Facultade. Os recursos materiais e servizos dispoñibles na actualidade son axeitados para garantir o desenvolvemento do título.

Os espazos dos que se dispón e os equipamentos instalados neles son os seguintes:

#### *Aulas de propósito xeral:*

7 aulas para docencia con 110 postos ampliables a 130.  
1 aula para docencia - exames con 170 postos  
1 aula de doutoramento (en habilitación)

#### *Aulas-seminario e laboratorios con dotación específica*

1 Aula de informática con 30 postos.  
6 aulas-seminario que dispoñen de 25-35 prazas.

#### *Espazos para traballo dos/as estudantes*

O alumnado do Centro dispón de 3 locais para reunións de traballo en grupo e tamén dun espazo aberto nunha área de paso dentro do edificio central para traballos específicos (20 prazas). Así mesmo dispón dun espazo de reunións para agrupacións de estudantes. Todas as zonas e o seu perímetro dispoñen de acceso á rede sen fíos.

#### *Outros espazos (suo combinado docencia - xestión)*

1 Sala de xuntas (con pizarra interactiva)  
1 Salón de actos  
1 Salón de graos  
1 Sala-aula de profesores (en habilitación)

Os espazos garanten o acceso para persoas con discapacidade.

Todas as aulas dispoñen de ordenador fixo con conexión á rede mediante cable. Así mesmo todos os espazos e o seu perímetro contan con acceso á rede sen fíos. Hai proxector audiovisual e megafonía sen fíos en todos os espazos destinados a docencia. Todos os espazos dispoñen de luz natural, proxector audiovisual, megafonía e acceso á rede. A xestión dos salóns de graos e actos é compartda coa Facultade de Relacións Laborais.

Todo o PDI e PAS dispón de espazos de traballo (a merirande parte de deles individuais). Así mesmo, consonte á normativa da USC, os grupos de investigación vinculados a PDI con presenza no Centro teñen asignados espazos de traballo. A supervisión da xestión destes espazos é responsabilidade da Xunta de Facultade e baséase nun regulamento propio introducido no curso 2014-15.

A Comisión fai unha valoración positiva dos espazos e infraestructuras dispoñibles e valora satisfactoriamente os investimentos feitos en equipamento e habilitación de espazos. Así mesmo recoñece o interese expresado pola dirección do Centro en dar resposta as necesidades da comunidade académica a través dos mecanismos de recollida de datos sobre estado das instalacións e equipamento que ten implementado. Non obstante, considera que non sempre o tamaño das aulas e, sobre todo, a disposición do mobiliario é compatible coa didáctica, polo que suxire un plan de adquisición de mobiliario que permita mellorar as instalacións. Igualmente, suxire a mellora do equipamento dos espazos destinados ao alumnado.

Respecto da aula de informática, o Centro ten dada resposta ás demandas tanto de PDI como de estudantes, especialmente tras a supresión dos bolseiros encargados da supervisión do uso deste tipo de espazos. Neste sentido, insta á USC a reintroducir o programa de bolseiros co fin de garantir un uso máis versátil e controlado da aula.

O Centro dispón dun espazo de aparcadoiro compartido con outros Centros e restrinxido ao uso do PDI e PAS. Igualmente, dispón de fotocopiadoras de autoservizo e máquinas expendedoras de bebidas e alimentos.

Ademais do exposto, a comunidade académica do Grao en Ciencia Política e da Administración conta coa Biblioteca

Intercentros Concepción Arenal que forma parte da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC) e reúne os recursos bibliográficos indispensables para o estudo das ciencias sociais e xurídicas.

A biblioteca conta cun edificio exento nas proximidades da Facultade que presta servizos ás Facultades de Relacións Laborais, Dereito e Ciencias Políticas e Sociais e dispón dunha superficie de 7.410 m<sup>2</sup>. Pon a disposición dos seus usuarios/as as seguintes salas: salas de lectura (3 andares inferiores), 1.030 postos de lectura; sala de traballo en grupo, con 30 postos; salas de investigación (2 andares superiores): 75 postos individualizados; depósito, co fondo antigo (obras dende o século XVI). Conta co seguinte equipamento: Escáner (1); PCs para consulta do catálogo da BUSC (7); PCs para consulta de bases de datos e Internet (3); portátiles en préstamo (9); fotocopiadoras (3) Nº de Lector –reproductor de microformas: 1

A biblioteca conta de rede sen fíos en todas as instalacións e todos os postos de lectura están dotados de conexións á rede eléctrica.

As principais áreas de coñecemento representadas na colección son: ciencia política, dereito, economía e socioloxía.

Os fondos bibliográficos están diferenciados en: libros de alumnos, manuais de apoio á docencia fundamentalmente, e libros de investigación. Na Sala de Lectura dos tres andares inferiores da biblioteca están depositados os manuais e a bibliografía recomendada aos alumnos, en libre acceso. O resto do fondo bibliográfico está situado nos dous andares superiores, onde se atopan as obras de investigación, tamén en libre acceso, excepto o fondo antigo (anterior a 1940). Na hemeroteca poden consultarse os números dos últimos anos dos títulos de revistas que se reciben en papel e, ademais, a través dos ordenadores, poden consultarse as revistas electrónicas e bases de datos. As coleccións da Biblioteca comprenden 163.200 volumes de monografías e 5.134 títulos de revistas en papel das cales 523 recíbense periodicamente. A participación da BUSC no Consorcio de Bibliotecas de Galicia (BUGALICIA) permite o acceso dende a rede da USC aos principais títulos de revistas e bases de datos científicas.

O uso da Biblioteca e os seus recursos permite o acceso a información moi diversa, dende obras xerais ata manuais especializados, permitindo ao estudante familiarizarse coa rica produción científica, tal e como se ofrece á sociedade en xeral, e á comunidade académica en particular. A biblioteca é unha ferramenta de apoio fundamental nas materias e metodoloxías de ensino-aprendizaxe do Grado en Ciencia Política e da Administración, así como para a adquisición de competencias relacionadas coa procura, selección de información e discriminación de datos, sempre complementada co uso das TIC.

Finalmente, no que atinxe ao programa de prácticas externas, tendo en conta a súa obrigatoriedade, é necesario garantir unha oferta anual de prazas que cubra a demanda do alumnado. Para elo, hai asinados medio centenar de convenios con administracións, partidos políticos, ONG, centros de documentación e investigación e empresas privadas tanto en Galicia como no exterior, posuíndo algúns destes convenios un carácter marco que propicia prácticas noutras entidades do sector público. É o caso, por exemplo, do convenio marco coa FEGAMP, que permite a realización de prácticas nos 314 Concellos de Galicia.

Para dar apoio ao programa, o Centro conta cunha comisión delegada da Xunta de Facultade con competencias sobre esta materia, un coordinar xeral e unha rede de 4 titores académicos internos que supervisan e avalían a estadia do alumnado.

Respecto aos programas de mobilidade, a Facultade organiza actividades de acollida e adaptación.

#### **Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:**

Os datos postos á disposición da Comisión pola Área de Calidade permiten facer as seguintes valoracións:

a) Non se dispón do informe 01. O decanato dispón de datos sobre os investimentos feitos polo Centro e a xerencia da USC nas instalacións, renovándose o equipamento da aula de informática, reubicando esta aula nun espazo máis axeitado, completando a instalación de equipos fixos na mesa do profesor/a de cada aula, renovando proxectores e renovando, igualmente, o equipamento de oficina de parte do PDI e do PAS do Centro.

b) Respecto do informe 02, os datos aportados pola Área de Calidade no que atinxe á biblioteca de referencia do Centro, Biblioteca Intercentros Concepción Arenal, se ben non están desagregados de xeito que permitan precisar qué parte das coleccións está relacionada coas áreas de estudo do título, indican que as diversas coleccións medraron respecto ao curso anterior: o número de monografías ascende na actualidade a 171.521; as publicacións periódicas en papel ascenden a 5.411; o material non librario en papel suma 943 documentos; medran considerablemente respecto do curso precedente as publicacións periódicas electrónicas, alcanzando as 35 e manténdose en 5 o números de bases de datos.

c) Segundo o indicador IN33G-PS-01, o grao de satisfacción dos egresados cos servizos (3,05) é discreto e inferior ao do único curso (2012-13) do que se dispón de datos: 3,2 puntos.

d) Os datos do informe 09 foron valorados no criterio " Información e Transparencia". Lémbrese, respecto dos recursos materiais, que os egresados valoran por debaixo da media da USC os recursos tecnolóxicos e servizos dispoñibles durante a aprendizaxe. Dos elementos que os compoñen, só tres dependen do Centro: TIC; información dispoñible na propia facultade e atención ante reclamacións no decanato.

e) Os datos do informe 14 foron valorados no criterio "SGC". O único dato que compre lembrar aos efectos deste apartado é que máis dun 60% do PDI enquisado manifesta estar interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ás novas tecnoloxías aplicadas á docencia e en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico xeral.

f) Finalmente, as actas da Comisión de Calidade recollen unha listaxe de demandas de material e equipamento por parte do alumnado. Nesa mesma liña, o Centro dispón dos resultados dunha consulta feita ao PDI e ao PAS sobre necesidades de renovación, mantemento e adquisición de equipamento de espazos de traballo.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAJE:

**Estándar: Los resultados de aprendizaje alcanzados por los titulados son coherentes con el perfil de egreso y se corresponden con el nivel del MECES de la titulación.**

Analizar los resultados de aprendizaje alcanzados por los estudiantes y si son coherentes con el perfil de egreso y se corresponden con el nivel del MECES del título.

#### 6.1.- Los estudiantes al finalizar el proceso formativo han adquirido las competencias previstas para el título.

A Comisión valora positivamente o desenvolvemento das actividades académicas do título, así como a variedade de metodoloxías docentes e sistemas de avaliación -expostos na valoración do criterio 1 "Organización y Desarrollo"- de cara á consecución satisfactoria de obxectivos do programa formativo, en coherencia co nivel MECES.

Os resultados, a través da valoración de indicadores e informes, así como dos procedementos de recollida de información internos, estanse a ter en conta na mellora do plan de estudos, como evidencia a revisión posta en marcha en 2013 e que na actualidade está en trámite.

Valorase positivamente a marcha do programa de prácticas externas pola súa capacidade de por en práctica as competencias adquiridas e adaptar ao alumnado ao mercado laboral, así como polas melloras introducidas nos últimos cursos (rede de titores internos) e os resultados alcanzados, especialmente baseados na valoración do alumnado participante e dos titores externos.

A Comisión de Calidade desexa facer constancia das melloras que se están a producir na captación de datos (coordinacións de curso e título) sobre o cumprimento dos contidos establecidos para cada materia e dos programas correspondentes.

Malia a escasa información obtida pola enquisa (Área de Calidade) aos egresados, súxírese que os coordinadores de curso examinen o xeito no que se está a desenvolver a formación práctica e exploren o xeito de potenciar a adquisición de capacidades para a comunicación oral e escrita.

#### Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

Os datos postos á disposición da Comisión pola Área de Calidade permiten facer as seguintes valoracións:

a) Segundo o informe 15, considerando a avaliación xeral de todas as materias do título, a distribución por notas é a seguinte: non presentados (16,3%); suspenso (13,7%); aprobado (33,3%); notable (23,8%); sobresaínte (9,1%) e matrícula de honra (2%). Os datos relativos a cada curso son os seguintes: en primeiro, suspenso (22,2%); aprobado (32,2%); notable (13,4%); sobresaínte (2,3%) // en segundo: suspenso (13,7%); aprobado (38,2%); notable (24%); sobresaínte (7%) e matrícula de honra (1,5%) e matrícula de honra (2,1%) // en terceiro: suspenso (4,5%); aprobado (33,6%); notable (37,7%); sobresaínte (14,3%) e matrícula de honra (3%) e matrícula de honra (2,1%) // en cuarto: suspenso (2%); aprobado (14%); notable (21%); sobresaínte (43%) e matrícula de honra (0%). En suma, o primeiro curso mostra os resultados máis baixos da carreira, circunstancia á que se engade a da porcentaxe máis elevada de non presentados. O alumnado progresa entre segundo e terceiro cara a notas máis elevadas, alcanzando as valoracións máis altas en terceiro. De feito, compre advertir que os datos relativos aos sobresaíntes varían á alza significativamente no cuarto curso (92%) por efecto da avaliación das prácticas externas. Se se teñen en conta só os resultados de TFG en cuarto, o perfil de notas rexistra un descenso das puntuacións alcanzadas (suspenso, 4%; aprobado, 25%; notable, 30%; sobresaínte, 7%). A distribución de non presentados por curso é a seguinte: primeiro curso (27,9%); segundo curso (14,8%); terceiro curso (5,3%) e cuarto curso (0%). A Comisión insta a facer un estudio sobre o rendemento do alumnado en primeiro curso e introducir as medidas que permitan mellorar os resultados sen menoscabo no nivel esixible para acadar as competencias establecidas. Igualmente, súxire examinar a través dos coordinadores de curso a relación entre resultados acadados e competencias adquiridas nos cursos sucesivos.

b) De acordo co informe 17, a media da taxa de éxito por curso é a seguinte: primeiro, 68,8%; segundo, 82,35%; terceiro, 94,77%; cuarto; 96,75%. Na liña do interpretado sobre on Informe 15, a Comisión súxire analizar o desenvolvemento do primeiro curso e valorar, en función das expectativas do alumnado e a súa formación previa, a necesidade de introducir un curso ponte.

c) Segundo o indicador IN35G-S01-PM-01, a porcentaxe entre número de créditos ordinarios superados entre

créditos ordinarios presentados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados) é de 84,72%, diminuíndo respecto ao curso anterior (88,66) e rachando á tendencia á alza desta taxa dende o primeiro curso de implantación: (88,89%; 86,32%; 84,7%; 84,58%; 88,66). A taxa sitúase, aproximadamente, na media da USC (85,70%).

d) Os datos relativos a prácticas externas procedentes dos indicadores IN19G-PC-09, IN20G-PC-09, IN21G-PC-09 e IN46G-S01-PM-01e dos informes 06 e 13 foron comentados no criterio 3, "SGC.

e) Os datos relativos aos informes 08 e 09 foron tratados, respectivamente, nos criterios "Organización e Desenvolvemento", " Información e Transparencia" e "Recursos Materiais e Servizos".

As valoracións tamén teñen en conta a documentación xerada polo propio Centro a través das memorias de prácticas externas e enquisas de satisfacción dos titores externos. Igualmente, tamén se tivo en conta o estudo feito no curso 2013-14 entre o alumnado e egresados sobre a implementación do plano de estudos e posibilidades de mellora.



### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN Y RENDIMIENTO:

**Estándar: Los resultados de los indicadores del programa formativo son congruentes con el diseño, la gestión y los recursos puestos a disposición del título y satisfacen las demandas sociales de su entorno.**

Analizar los principales datos y resultados del título y valorar la evolución de un núcleo de indicadores mínimo. Comprobar si los resultados se adecúan a las previsiones y características del título.

#### 7.1.- Los principales datos e indicadores del título evolucionan favorablemente de acuerdo con las características del título.

A demanda do título está garantida pola total cobertura de prazas e pola tendencia que mostran os datos de cobertura dende o curso de posta en marcha. Non obstante, previa elaboración dun estudo sobre a percepción social do título e as expectativas do alumnado de novo ingreso, convén por en práctica medidas de promoción coa finalidade de lograr elevar a nota media do novo alumnado.

Os resultados acadados son coherentes co deseño do título e os fundamentos científicos que o sosteñen. Tan só no primeiro curso, compre facer un estudo do rendemento do alumnado polo impacto que este está a ter en diversas taxas consideradas –éxito e abandono, en particular-.

Os diversos indicadores tratados, xunto coa información xerada polo propio Centro (enquisas propias entre egresados, alumnado de últimos cursos e PDI; actas de reunións de coordinación de cursos; reunión das Comisións da Xunta de Facultade relativas a docencia, mobilidade, TFG e prácticas externas) téñense en conta na mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

Os datos postos á disposición da Comisión pola Área de Calidade permiten facer as seguintes valoracións:

- a) Segundo o indicador IN34G-S01-PM-01, a taxa de rendemento (porcentaxe de créditos superados sobre o total de créditos matriculados) (68,67) racha a tendencia á alza mantida dende o primeiro curso de implantación do Título, sendo, a do ano examinado, a taxa máis baixa: 69,04%; 67,15%; 70,81%; 73,51% e 75,27%). O dato é inferior á media da USC: 76,57% e require un exame detallado das circunstancias que levan á diminución da taxa.
- b) O indicador IN35G-S01-PM-01 coméntase no apartado Resultados da Aprendizaxe. Resulta, como xa se comentou, lixeiramente inferior á media da USC, 85,70.
- c) IN36G-S01-PM-01: O dato da porcentaxe entre o número de créditos ordinarios presentados entre os créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados é do 81,17%. Xunto co dato do curso 2010-11 (79,39%), é o máis baixo dende a implantación do Título (81,32; 79,39; 83,6; 85,16; 84,89; 81,17). Sitúase mesmo por debaixo da media da USC (89,35%).
- d) IN37-S01-PM-01: O dato (49%) sitúase na tendencia á alza respecto dos cursos anteriores dos que se dispón de datos (38%; 48%) e é superior á media da USC (46,28).
- e) IN38G-S01-PM-01: A duración media dos estudos (4,34 anos) sitúase na tónica dos cursos dos que se dispón de datos (4,37 e 4,31) e lixeiramente superior á media da USC (4,46 anos).
- f) IN39G-S01-PM-01: O dato (91,02) supón un repunte fronte ao curso anterior (89,89) e é practicamente similar ao curso 2012-13 (91), primeiro do que se teñen datos, aínda que lixeiramente inferior á media da USC (92,32).
- g) IN40G-S01-PM-01: A porcentaxe de alumnado matriculado en primeiro curso que non prosegue formación en cursos superiores é do 30,65, un dato que mantén a tendencia á alza dende o curso 2012-13 (20,41; 23,77), primeiro do que se teñen datos. O resultado é moi superior á media da USC (15,08) e require, á vista tamén dos indicadores anteriores, un exame das circunstancias de implementación do programa formativo en primeiro curso e dos perfil de alumnado que accede á titulación (se cadra, como un paso planificado antes de reubicarse noutra titulación inicialmente máis desexada). Tal exame debe contrastarse cun estudo das expectativas do alumnado e outro sobre a percepción social do título que deben levar á introdución de medidas correctoras. Sobre este indicador e os anteriores, a Comisión por en evidencia a falta de datos doutras titulacións e, en particular, de aquelas pertencentes á área de coñecemento de ciencias sociais.
- h) IN41G-S01-PM-01: O dato (31%) é superior ao do precedente (29,33). Non se dispón de datos anteriores. O dato resulta superior á media da USC (26,15).

## 7.2.- Los índices de satisfacción de los estudiantes, del profesorado, de los egresados y de otros grupos de interés son adecuados.

Os datos de satisfacción xeral do alumnado co grao, satisfacción coa participación (alumnado entrante/saínte) cos programas de mobilidade, satisfacción coa participación no programas de prácticas (titores e alumnado) é elevada. En todo caso, é preciso estimular a participación nas respectivas enquisas impulsadas pola Área de Calidade e, ao mesmo tempo, instar a esta a unha reflexión sobre a conveniencia do deseño dos procesos de enquisa tendo en conta a falta de compromiso dos actores interesados, o que colisiona coa importancia que se lle atribúe institucionalmente aos resultados.

Valóranse tamén positivamente as melloras introducidas na xestión do programa de prácticas externas e de organización do TFG.

Os indicadores de satisfacción téñense en conta na mellora dos procesos administrativos relacionados co título, o perfeccionamento do programa formativo e a revisión do plan de estudos.

### Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

Os datos postos á disposición da Comisión pola Área de Calidade permiten facer as seguintes valoracións:

- a) INF 04: Datos comentados no criterio 3 (SGC). Suxírese mellorar a información fornecida ao alumnado intensificando os contactos coas universidades de acollida así como a clarificación, previa á saída, do sistema de recoñecemento a aplicar. A Comisión suxire enviar solicitude á USC dunha táboa de equivalencias actualizada.
- b) IN16-PC-08: Dato comentado no criterio 3 (SGC). A Comisión valora positivamente a puntuación acadada (4,41), por riba da media da USC (4,33).
- c) INF 05: Dato comentado no criterio 3 (SGC). A pesar dos datos, en xeral, moi positivos da enquisa, a Comisión recomenda que o Centro faga maiores esforzos de integración do alumnado entrante.
- d) IN19G-PC-09: Dato comentado no criterio 3 (SGC), razoablemente positivo. O Centro dispón de información propia sobre este particular.
- e) INF 06: Datos comentados no criterio 3 (SGC). O Centro dispón de información propia sobre este particular.
- f) IN20G-PC-09: Dato comentado no criterio 3 (SGC). O Centro dispón de información propia sobre este particular.
- g) INF 07: Dato comentado no criterio 3 (SGC). A Comisión considera elevado o grao de satisfacción xeral coas prácticas manifestado polos titores/as externos (4,29).
- h) IN21G-PC-09: Dato comentado no criterio 3 (SGC). A Comisión considera que a puntuación (4,8) é moi elevada e mellora a anterior (4,6/5).
- i) INF 08: Dato comentado no criterio 3 (SGC).
- j) IN28G-PS-01: Dato comentado no criterio 4 (Recursos Humanos). Non se dispón de datos relativos ao Centro, polo que non é posible facer unha valoración específica.
- k) INF. 10: Dato comentado no criterio 4 (Recursos Humanos).
- l) IN29G-PS-01: Dato comentado no criterio 4 (Recursos Humanos).
- m) INF. 11: Dato comentado no criterio 4 (Recursos Humanos).
- n) IN42G-S01-PM-01: Dato comentado no criterio 3 (SGC). O dato (3,44) é aceptable, e mellora o do único curso con información dispoñible (2012-13): 2,58. A Comisión suxire consultar os datos resultantes da enquisa interna realizada en 2013, de satisfacción do alumnado egresado co plan de estudos.
- o) INF 09: Dato comentado nos criterios 2 " Información e Transparencia" e 3 (SGC).
- p) IN46G-S01-PM-01: Indicador tratado no apartado 3 (SGC) e 4 (RRHH).
- q) INF 13: Indicador tratado no apartado 3 (SGC) e 4 (RRHH).
- r) IN47G-S01-PM-01: Indicador tratado no apartado 3 (SGC) e 4 (RRHH).
- s) INF 14: Indicador tratado no apartado 3 (SGC) e 4 (RRHH).
- t) IN48G-PM-PM-02: O dato (21,16) mostra a porcentaxe máis baixa de resposta da serie de datos (21,36%; 23,95%; 24,84%). A Comisión insiste na necesidade de difundir internamente máis a enquisa animando a participación, mais suxire que órganos competentes redeseñen o proceso de consulta e a procura dun compromiso por parte dos enquisados.
- u) IN49G-PM-PM-02: Non se dispón de datos
- v) IXA-04: O curso 2014-15 presenta por primeira vez dende o curso 2009-10 un 0% de actas entregadas fora de prazo.

### 7.3.- Los valores de inserción laboral de los egresados del título son adecuados al contexto socio-económico y profesional del título.

As fontes dispoñibles para facer unha análise da inserción laboral resultan insuficientes, ben por aportar datos da extinguida titulación de licenciado/a, ben por mostrar conxuntamente –sen desagregar por título- datos dos graos vinculados ás ciencias sociais e xurídicas. Para facer fronte a esta insuficiencia, o Centro está a realizar un estudo propio de inserción laboral –con cargo ás axudas para acción de calidade da USC 2015- cuxos datos (entorno sociodemográfico do alumnado; formación completada; formación adicional tras rematar os estudos; experiencia laboral; traballo actual; traxectoria no mercado laboral; búsqueda de emprego; tipos de traballo desempeñados; sectores de actividade; tipos de contrato; salario; axuste do traballo actual ás competencias do título; satisfacción co título) estarán dispoñibles en febreiro de 2016.

A información se terá en conta tanto para a mellora do enfoque dado a formación actual como no proceso de revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

Os datos postos á disposición da Comisión pola Área de Calidade permiten facer as seguintes valoracións:

- a) IN43G-S01-PM-01: Non se dispón de datos. Na actualidade o centro, con cargo ás axudas para accións de calidade 2015 da USC, está realizando un estudo de inserción laboral que vai permitir recoller datos precisos sobre a traxectoria no mercado laboral.
- b) IN44G-S01-PM-01: Non se dispón de datos. O Centro espera dispor a curto prazo (febreiro) de datos da enquisa que está implementando sobre este particular.
- c) IN45G-S01-PM-01: Non se dispón de datos. O Centro espera dispor a curto prazo (febreiro) de datos da enquisa que está implementando sobre este particular.
- d) INF 12: Segundo os datos das enquisas recollidos no *Libro Blanco de la Titulación de Ciencia Política y Gestión Pública* ([www.aneca.es/media/150260/libroblanco\\_politicas\\_def.pdf](http://www.aneca.es/media/150260/libroblanco_politicas_def.pdf)), no que atinxe á inserción laboral dos titulados, o 77,72% está empregado (asalariados por conta allea, autónomos, desenvolvemento libre da profesión ou, en menor medida, como bolseiros) e o 19,19% está desempregado. De aqueles que están empregados, o 62% atópase traballando no sector privado e o 33,83% está vinculado contractualmente co sector público. Novamente, do continxente empregado, o 57% desenvolve tarefas de cualificación media ou media alta (administración; consultoría de investigación social; consultoría de xestión; desenvolvemento local; programas sociais; docencia; investigación; asesoría; actividade política).

Pola súa banda, malia os impedimentos para interpretar con precisión os resultados da titulación en ciencia política e da Administración, segundo o último Estudio de la Inserción Laboral de los Titulados en el Sistema Universitario de Galicia 2009-2010a, publicado pola ACSUG, que reflicte resultados agregados das tres titulacións que compoñen o campo de coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas II (Diplomatura en Relacións Laborais, Licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración e Licenciatura en Dereito), o 73% dos estudantes que accederon a este conxunto de títulos o fixeron como primeira opción; o tempo medio que tardaron en atopar o primeiro emprego foi de 8,46 meses (aproximadamente, na media das titulacións do SUG, 8,06 meses); e a valoración do encaixe das competencias adquiridas co desenvolvemento da actividade profesional presenta a segunda porcentaxe máis alta de todas as titulacións do SUG.

Complementando as fontes anteriores, a partir da identificación de 100 egresados na rede social profesional LinkedIn®, detectáronse os seguintes nichos de emprego (por orde de importancia): Administracións (calidade; recursos humanos; marketing; cambio organizativo; relacións intergubernamentais); empresas consultoras (avaliación, marketing, estratexia, comunicación); organismos transnacionais; consultoría en desenvolvemento internacional; medios de comunicación; xerencia técnica e desenvolvemento de proxectos en ONGs; programas relacionados coa implantación das TIC e o e-Goberno; investigación en políticas públicas; asesoramento en programas de organización cívica e participación cidadá; Actividade en partidos políticos. O Centro espera dispor a curto prazo (febreiro) de datos da enquisa que está implementando sobre este particular.

- e) INF. SIIU: Os datos do SIIU indican que a media de egresados dados de alta como autónomos pertencentes á licenciatura en ciencia política e da administración pola USC durante o período 2011-14 fo 6,7% fronte a unha media do 35,42% de afiliados á seguridade social no mesmo período. A Comisión non valora en profundidade os datos considerando que se refiren á extinguida licenciatura en ciencia política e da administración. Así mesmo, os datos relativos a rama de coñecemento non permiten desagregar os desta titulación en concreto.

- f) IN15G-PC-08: Dato comentado no criterio 3 (SGC). A Comisión valora positivamente a puntuación acadada (3,41). Aumenta respecto do curso anterior (3,07). Non obstante, contrasta cos datos do INF 04, no que se indica unha puntuación de 4,38.

## 2. LISTADO DE EVIDENCIAS E INDICADORES

LISTADO DE EVIDENCIAS				
Nº	Criterios	Evidencia	Quien la aporta	Cuando/ donde se aporta
E1	Todos	Memoria vigente del título	ACSUG	
E2	Todos	Informes de verificación, modificaciones, seguimiento, incluyendo los planes de mejora	ACSUG	
E3	1	Análisis del perfil real de ingreso/egreso	Universidad	Co Auto Informe
E4	1, 6	Guías docentes das materias/asignaturas (competencias, actividades formativas, metodologías docentes, sistemas de evaluación, resultados de aprendizaje)	Universidad	<a href="#">Programas de materias</a>
E5	1, 3	Actas de las reuniones celebradas, al menos de los dos últimos cursos, de la Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidad (las actas deben incorporar un apartado con los acuerdos adoptados en cada reunión)	Universidad	Documentos en carpetas anexas: <a href="#">ACTAS COMISION ACADEMICA-DOCENCIA</a> + <a href="#">ACTAS COMISION TITULO-CALIDADE</a>
E6	2	Página web de la Universidad/centro/Título (debe estar incluida, como mínimo, la información referida en el Anexo II)	Universidad	<a href="#">Universidad de Santiago de Compostela</a> <a href="#">Facultad de Ciencias Políticas y Sociales</a> <a href="#">Grado en Ciencia Política y de la Administración</a>
E7	3	Documentación del SGC (política y objetivos de calidad, manual y procedimientos)	Universidad	<a href="#">Calidad Facultad Ciencias Políticas y Sociales</a>
E8	3	Evidencias de la implantación de los procedimientos del SGC (procedimientos completos, revisados y actualizados que desarrollen las directrices del SGC: Política de calidad, Diseño, revisión periódica y mejora de los programas formativos, Garantía del aprendizaje, enseñanza y evaluación centrados en el estudiante, Garantía y mejora de la calidad de los recursos humanos, Garantía y mejora de la calidad de los recursos materiales y servicios e Información	Universidad	<a href="#">Calidad Facultad Ciencias Políticas y Sociales</a>

		Pública)		
E9	3, 7	Planes de mejora derivados de la implantación del SGC	Universidad	<a href="#">Calidad Facultad Ciencias Políticas y Sociales</a>
E10	3, 7	Análisis de las encuestas de satisfacción (% participación, resultados y su evolución,...)	Universidad	Co Auto Informe
E11	4	Plan de Ordenación Docente: información sobre el profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.)	Universidad	Documentos Anexos: <a href="#">INF_E11_PROFESORADO.pdf</a> + <a href="#">POD_G3011P01_GRAO.pdf</a>
E12	4	Información sobre el personal de apoyo por Centro (número y cargo/puesto desempeñado, etc.)	Universidad	Documento Anexo: <a href="#">INF_E12_PAS.pdf</a>
E13	4	Análisis de las encuestas de evaluación de la docencia (% participación, resultados y su evolución,...)	Universidad	Co Auto Informe
E14	5	Información sobre los recursos materiales directamente vinculados con el título	Universidad	<a href="#">Recursos materiales</a>
E15	5	Información sobre los servicios de orientación académica y programas de acogida	Universidad	<a href="#">Acogida y orientación</a>
E16	5	Listado de centros/entidades para la realización de las prácticas externas curriculares o extracurriculares	Universidad	<a href="#">Listado de entidades para a realización de Prácticas externas</a>
E17	6	Listado de trabajos fin de grado/máster de, al menos, los dos últimos cursos académicos (título, tutor y calificación)	Universidad	Documento Anexo: <a href="#">Relación Trabajos Fin Grao.pdf</a>
E18	6	Informes/listado de calificaciones de cada una de la materias/ asignaturas del título	Universidad	Documento Anexo: <a href="#">CUALIFICACIONES_GRAO_G3011V01</a>
E19	7	Análisis de los resultados del título (incluidos indicadores de inserción laboral y SIU)	Universidad	Co Auto Informe
<b>LISTADO DE EVIDENCIAS ADICIONALES</b>				
EA1	1	Listado de estudiantes que han solicitado reconocimiento de créditos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.)	Universidad	Documento Anexo: <a href="#">RECOÑECIMENTOS_G3011V01.pdf</a>
EA2	1	Informes sobre el de reconocimiento	Universidad	Visita/Papel

		créditos para valorar su adecuación		
EA3	1,6	Informes/documentos donde se recojan las conclusiones de los procedimientos de consulta internos y externos para valorar la relevancia y actualización del perfil de egreso de los estudiantes del título/valoración adquisición resultados de aprendizaje	Universidad	Co Auto Informe
EA4	3	Informe de certificación de la implantación del SGC	ACSUG	<i>No aplicable</i>
EA5	5	Fondos bibliográficos y otros recursos documentales relacionados con la temática del título	Universidad	Documento Anexo: <a href="#">FONDOS BIBLIOGRAFICOS G3011V01.pdf</a>
EA6	5	Materiales didácticos y/o tecnológicos que permitan un aprendizaje a distancia	Universidad	<a href="#">Campus Virtual</a>
EA7	5	Convenios en vigor con las entidades donde se realizan las prácticas externas	Universidad	Visita/Papel
EA8	6	Mecanismos utilizados para el análisis de la adquisición de los resultados de aprendizaje	Universidad	Co Auto Informe

<b>LISTADO DE INDICADORES</b>			
<b>Nº</b>	<b>Criterios</b>	<b>Indicador</b>	<b>Donde</b>
I1	1,7	Evolución del número de estudiantes de nuevo ingreso por curso académico	Panel Indicadores
I2	1	Evolución de los indicadores de movilidad (Número de estudiantes que participan en programas de movilidad, relación entre estudiantes que participan en programas de movilidad y estudiantes matriculados, ...)	Panel Indicadores
I3	Todos	Resultados de las encuestas de satisfacción a los diferentes grupos de interés <sup>1</sup>	Panel Indicadores + INF.04 a INF.11; e INF. 21
I4	3	Resultados de los indicadores del SGC	Panel Indicadores
I5	4	Porcentaje de participación del profesorado del título en planes de formación de la universidad y en actividades formativas específicas	Informe I5
I6	4	Porcentaje de participación del personal de apoyo del centro en planes de formación de la universidad y en actividades formativas específicas	Informe I6
I7	4	Resultados de las encuestas de evaluación de la docencia y su evolución	Panel Indicadores INF.13; INF. 14
I8	4	Porcentaje de profesorado del título evaluado por el programa DOCENTIA o similares y resultados obtenidos	--
I9	4	Evolución de los indicadores de movilidad (número y porcentaje de profesores/as	Informe I9

<sup>1</sup> En cada criterio se analizarán los aspectos más directamente relacionados con el mismo

		que participan en programas de movilidad sobre el total del profesorado del título)	
<b>I10</b>	<b>5</b>	<b>Distribución de alumnado por centros de prácticas</b>	
I11	6, 7	<p>Evolución de los indicadores de resultados (estos datos se facilitarán de forma global para el título y para cada una de las materias/ asignaturas que componen el plan de estudios/título):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Tasa de graduación</li> <li>➤ Tasa de abandono</li> <li>➤ Tasa de eficiencia</li> <li>➤ Tasa de rendimiento</li> <li>➤ Tasa de éxito</li> <li>➤ Tasa de evaluación (distinguir entre alumnado a tiempo completo y a tiempo parcial)</li> </ul>	Panel Indicadores INF. 17; 18 y 19
I12	7	Relación de oferta/demanda de plazas de nuevo ingreso	Panel Indicadores
I13	7	Resultados de inserción laboral	Informe Inserción Laboral SIIU
I14	1,4,5	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva, ...)	Panel de Indicadores



### 3. PLAN DE MELLORAS

#### 3.1 ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DAS ACCIÓNS DE MELLORA 2014-15

Na sesión ordinaria da Comisión da Calidade da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais de 9 de decembro de 2015 fíxose a seguinte revisión das accións de mellora recollidas no informe de seguimento do título de Grao en Ciencias Políticas e da Administración do curso 2014-2015.

- Acción de Mellora 1. “Incrementar a promoción do Título”.
  - Na Activación do Comité Consultivo que axudará a deseñar accións de difusión do título e do perfil competencial xa se avanzou na súa composición tal e como está recollido en actas anteriores desta comisión. Os nomes das persoas incorporadas en representación do axentes externos levaranse a vindeira reunión da Comisión de Calidade, quedando unicamente a súa constitución e posta en funcionamento.
  - Os contidos da web do centro relativos a procesos internos e órganos de goberno do centro está actualizada, e acórdase complementala coa publicación da celebración das reunións, ordes do día e acordos dos mesmos.
  - No relativo á presenza da titulación nas redes sociais, logo de consultar coa oficina Web da USC estamos pendentes de que a Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación aprobe un manual de estilo para poñer en funcionamento o facebook da facultade.
  - Para intensificar os esforzos de promoción do título entre universidades colaboradoras todos os anos se revisan os convenios de mobilidade e de ser o case se promoven outros novos (Recentemente veñen de promoverse acordos de mobilidade SICUE coas Universidades de Barcelona, Girona, Murcia, Pompeu Fabra e Vigo).
  - Para Mellorar a organización dos programas de mobilidade estanse a celebrar reunións de recepción cos alumnos externos e reunións informativas cos alumnos internos. A participación do alumnado é moi baixa, polo que haberá que incidir especialmente nos alumnos de segundo curso.  
A petición de Hector Rodriguez, representante de estudantes acordase informar aos estudantes antes da súa marcha das tablas de equivalencias de cualificacións.  
O xestor informa que está acordado cos coordinadores de mobilidade a realización dunha reunión con todos os estudantes seleccionados para facilitarlles información relativa á elaboración e modificación do acordo académico e de equivalencias de cualificacións.
  - Non foi posible avanzar na elaboración dun plan de captación de novo alumnado e na intensificación da participación do PDI nas actividades promocionais da titulación. Par poder levar a cabo estas accións de mellora solicitouse unha axuda na convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia do ano 2015, pero non foi concedida, e a falta de orzamento non permitiu acadar os avances previstos.
  - Tampouco foi posible avanzar na oferta sobre o título en lingua inglesa destinada a estudantes foráneos.
  
- Acción de Mellora 2. “Xerar información propia sobre o funcionamento do grao”
  - Estase a levar a cabo un estudo sobre empregabilidade e de inserción laboral dos egresados do grao e dos Másteres impartidos na Facultade. Para este apartado solicitouse e foi concedida unha axuda na convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia do ano 2015. O deseño da enquisa está elaborado, e en breve prazo a empresa adxudicataria levará a cabo as enquisas necesarias.
  - Para mellorar a captación de datos sobre o cumprimento dos contidos e dos programas establecidos para cada materia estableceuse que o coordinador do título de grao mantén reunións cos coordinadores de cursos para que recollan a información necesaria do profesorado implicado en cada curso. A información recollida será tratada e analizada nas reunións da Comisión de Calidade do Centro.
  - Para investigar os motivos que animan aos estudantes incorporados a través de programas de mobilidade a elixir este centro facilitouse unha enquisa aos alumnos e alumnas que asistiron a reunión informativa de benvida celebrada no pasado mes de setembro. Os datos aínda non están explotados, polo que se incorporará a información no vindeiro informe de seguimento.
  - Non foi posible avanzar na investigación dos motivos de participación e as barreiras que poden inhibir a participación do alumnado propio no programa de mobilidade.

- Acción de Mellora 3. "Mellorar os procesos de xestión do programa formativo".
  - Acometeuse a reorganización do proceso de titorización dos Traballos Fin de Grao, que neste momento xa figura adaptado á normativa vixente.
  - Estase a utilizar a páxina web, as pantallas do centro e listas de distribución de PDI, PAS e alumnado como mecanismos de comunicación e información internos. Estes sistemas permiten unha maior axilidade no traslado da información máis relevante, e complementan a información oficial dos taboleiros de anuncios.
  - Para flexibilizar a distribución das materias por cuadrimestre, facilitando ao profesorado a concentración da súa actividade docente nun cuadrimestre acordouse abordar a elaboración dun regulamento e estudar unha nova distribución temporal das materias optativas que o faga posible.
  - Na adaptación de horarios de PDI e PAS establecidos no Plan de Igualdade foron aprobadas todas as solicitudes recibidas.
  - solicitouse unha axuda na convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia do ano 2015 para a organización dun ciclo estable de actividades formativas complementarias, pero a denegación da axuda solicitada non permitiu avanzar neste apartado.
  - Non se dispón de datos sobre o uso do campus virtual, polo que non se puido avanzar na súa intensificación de uso. Os datos de uso están solicitados á área TIC, e na medida en que se dispoña da información se acometerán accións para incrementar o seu uso.
  
- Acción de Mellora 4. "Mellorar os procesos relacionados coa xestión de recursos humanos".
  - Dende o centro facilítase a información dos distintos programas de mobilidade nos que participa a universidade e esta comisión de Calidade e o decanato do centro acordan facilitar a participación de todas as solicitudes que se reciban de PAS e PDI.
  - Par coñecer a participación do PAS en actividades formativas non ofertadas pola USC remitiuse un correo electrónico a todo o PAS da facultade, e no curso 2014-2015 participaron en cursos de formación alleos á USC 2 PAS, que realizaron un curso sobre comunicación.
  - Para axustar a oferta de actividades de formación e as necesidades formativas reais do persoal solicitouse de todo o PAS unha relación de necesidades formativas e de propostas de cursos. Coa información recibida elaborouse unha proposta formativa para o PAS da Facultade que foi remitida ao Servizo de Planificación e Programación de PAS, que é o encargado de elaborar a política de formación do PAS da USC.
  - No relativo as necesidades de persoal académico, a situación económica da USC limitou as posibilidades de crecemento do cadro de persoal, polo que non se avanzou nos procedementos internos de recollida de información e valoración sobre as novas necesidades.
  - Remitiuse un escrito á Vicerreitoría de Vicerreitor de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador solicitando unha maior exención docente para o PDI por ocupación de cargos de xestión atendendo ao tamaño do equipo decanal.
  - Aprobouse a normativa e implantouse no segundo cuadrimestre un sistema de verificación do cumprimento de obrigas docentes.
  
- Acción de Mellora 5. "Mellora de procesos relacionados coa xestión de recursos materiais e infraestruturas".
  - Renovouse o equipamento da aula de informática.
  - Paliáronse as deficiencias de equipamento detectadas, incorporando novos equipamentos (Equipos de sonido, ordenadores, pantallas, televisores) e solventáronse as anomalías de funcionamento detectadas. Acometeuse tamén unha modificación dos espazos de docencia para dispoñer dunha aula con maior capacidade, e reducir a dimensión da aula de informática para adaptala ao novo número de postos dispoñibles.
  - Incrementouse o número de recursos electrónicos dispoñibles dependentes da biblioteca.
  - Elaborouse e aprobouse pola Xunta de Facultade unha normativa interna de xestión de espazos e equipamento.
  
- Acción de Mellora 6. "Mellora de procesos relacionados coa xestión do sistema interno de calidade".
  - Co obxecto de establecer unha pauta regular de seguimento e de recollida de información sobre o Grao por parte da Comisión de Calidade, esta facultade conta con un coordinador para cada un dos 4 cursos do Grao, e realizáronse reunións co coordinador do Título para trasladar a información de cada curso á Comisión de Calidade.
  - A comunicación entre a Comisión de Calidade e os coordinadores de Curso canalizouse a través do coordinador do título de grao, mediante a celebración de reunións cos coordinadores de curso. A

información destas reunións será trasladada á Comisión de Calidade polo coordinador de título que é membro da mesma.

- o Non se avanzou na posta en marcha de procedementos internos, periódicos, de medición de expectativas e calidade percibida no alumnado.
- o Na satisfacción de PAS e PDI co desenvolvemento do programa formativo, valórase polo tratado en reunións cos coordinadores dos catro cursos do grado a posibilidade de plantexar cambios nos horarios e na propia estrutura das sesións interactivas. Para tomar decisións valórase imprescindible contar coa opinión dos estudantado.
- o Na Activación do Comité Consultivo, tal e como está recollido en actas anteriores desta comisión xa se avanzou na súa composición. Os nomes das persoas incorporadas en representación do axentes externos levaranse a vindeira reunión da Comisión de Calidade, quedando unicamente a súa constitución e posta en funcionamento.
- o Para elaborar unha memoria das actividades formativas/culturais extraacadémicas desenvolvidas no Centro, na secretaría do decanato estáse a recopilar e archivar a información de todas as actividades realizadas, o que permitirá elaborar a correspondente memoria.
- o No mes de xuño de 2015 ven de ser aprobado polo Consello de Goberno da USC o Manual simplificado do SGIC da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais. Previamente a proposta de texto foi remitido por correo electrónico a todos os membros da Xunta de Facultade, e foi aprobado en reunión da Xunta de Facultade. O texto e os documentos sobre o SGIG están publicados na páxina web da Facultade.

### 3.2 PLAN DE MELLORAS PARA O CURSO 2015-16

ACCIÓN DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM15-01	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento
		Definición	Análise causa	Baixa participación do alumnado e PDI e PAS nos programas de mobilidade
			Definición/descrición proposta	Mellora dos procesos de xestión dos programas de mobilidade, incrementando a información aos actores interesados e estimulando a participación.
			Data prevista de finalización	Xullo de 2016
			Data inicio	Xaneiro 2016
	Responsables	Responsable da implantación	Ramón Bouzas Lorenzo (RAM)	
Tarefa1		Código	AM15-01-1	
		Descrición tarefa	Deseñar accións de acollida e adaptación de alumnado de mobilidade.	
		Data prevista de finalización	Xullo 2016	
		Persoa responsable	Ramón Bouzas Lorenzo (RAM)	
Tarefa2		Código	AM15-01-2	
		Descrición tarefa	Mellorar os procesos internos de xestión da mobilidade (Información, recoñecemento, e relacións institucionais)	
		Data prevista de finalización	Xullo 2016	
		Persoa responsable	Ramón Bouzas Lorenzo (RAM)	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM15-02
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento
		Definición	Análise causa
	Definición/descrición proposta		Estudar as posibilidades de introducción de complementos formativos de apoio ao novo alumnado.
	Data prevista de finalización		Marzo de 2016
	Data inicio		Xaneiro 2016
	Responsables	Responsable da implantación	María Antonia Arias Fernández
Tarefa1	Código	AM15-02-1	
	Descrición tarefa	Xestionar a consulta das posibilidades de introducción de complementos formativos de apoio ao novo alumnado.	
	Data prevista de finalización	Marzo 2016	
	Persoa responsable	María Antonia Arias Fernández	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM15-03
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento
		Definición	Análise causa
	Definición/descrición proposta		Analizar a imaxe social do título e as expectativas do novo alumnado.
	Data prevista de finalización		Xullo de 2016
	Data inicio		Xaneiro 2016
Responsables	Responsable da implantación	Celestino García Arias (Coordinador do Título)	
Tarefa1	Código	AM15-03-1	
	Descrición tarefa	Estudar as motivacións / expectativas que levan ao alumnado a matricularse nesta título.	
	Data prevista de finalización	Xullo 2016	
	Persoa responsable	Celestino García Arias (Coordinador do Título)	
Tarefa2	Código	AM15-03-2	
	Descrición tarefa	Elaborar un estudio sobre a percepción social do título.	
	Data prevista de finalización	Xullo 2016	
	Persoa responsable	Celestino García Arias (Coordinador do Título)	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM15-04
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento
		Definición	Análise causa
	Definición/descripción proposta		Atraer un maior volume de alumnado á titulación.
	Data prevista de finalización		Xullo de 2016
	Data inicio		Xaneiro 2016
Responsables	Responsable da implantación	Isabel Diz Otero.	
Tarefa1	Código	AM15-04-1	
	Descrición tarefa	Deseñar acción promocionais que permitan un reclutamento máis amplo de alumnado de primeiro curso.	
	Data prevista de finalización	Xullo 2016	
	Persoa responsable	Isabel Diz Otero.	

ACCIÓN DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM15-05	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento
		Análise causa	Deficiencias detectadas nos procedementos de Xestión Académica e Incorporación tardía do alumnado que superou a selectividade no mes de setembro.	
		Definición/descripción proposta	Mellorar os procedementos de xestión académica e secuenciación do proceso formativo	
		Data prevista de finalización	Xullo de 2016	
	Data inicio	Xaneiro 2016		
Responsables	Responsable da implantación	Manuel María de Artaza Montero.		
Tarefa1	Código	AM15-05-1		
	Descrición tarefa	Facer xestións para evitar a admisión de novo alumnado superado o primeiro mes do curso.		
	Data prevista de finalización	Xullo 2016		
	Persoa responsable	Responsable da Unidade de Apoio.		
Tarefa2	Código	AM15-05-2		
	Descrición tarefa	Estudo da viabilidade de modificación do sistema de introdución de notas nas actas e do control de asistencia do alumnado.		
	Data prevista de finalización	Xullo 2016		
	Persoa responsable	Manuel María de Artaza Montero.		
Tarefa3	Código	AM15-05-3		
	Descrición tarefa	Estudo da viabilidade do redeseño do calendario de exames e dos módulos (horarios) de docencia, facéndoos máis flexibles e ampliando as sesións a 90 minutos.		
	Data prevista de finalización	Xullo 2016		
	Persoa responsable	Irene Rodríguez Manzano		



ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM15-06
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 2. Información e Transparencia
		Definición	Análise causa
	Definición/descripción proposta		Perfeccionar a información e comunicación institucional a través da Web do centro.
	Data prevista de finalización		Xullo de 2016
	Data inicio		Xaneiro 2016
	Responsables	Responsable da implantación	Responsable da Unidade de Apoio
Tarefa1	Código	AM15-06-1	
	Descrición tarefa	Facer pública na páxina web a información sobre os procesos internos e as decisións dos órganos de goberno do Centro.	
	Data prevista de finalización	Xullo 2016	
	Persoa responsable	Responsable da Unidade de Apoio.	
Tarefa2	Código	AM15-06-2	
	Descrición tarefa	Activar a presenza do centro nas redes sociais.	
	Data prevista de finalización	Xullo 2016	
	Persoa responsable	Responsable da Unidade de Apoio	
Tarefa3	Código	AM15-06-3	
	Descrición tarefa	Mellorar a oferta de información sobre o título en lingua inglesa	
	Data prevista de finalización	Xullo 2016	
	Persoa responsable	Ramón Bouzas Lorenzo (RAM)	



ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM15-07
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 3. Sistema de Garantía Interna
		Definición	Análise causa
	Definición/descrición proposta		Elaborar o regulamento de réxime interno do Centro, melloar a participación nos procedementos de consulta aos actores interesados e posta en funcionamento do comité consultivo
	Data prevista de finalización		Xullo de 2016
	Data inicio		Xaneiro 2016
Responsables	Responsable da implantación	Ramón Bouzas Lorenzo (Responsable de calidade)	
Tarefa1	Código	AM15-07-1	
	Descrición tarefa	Elaborar o regulamento de réxime interno do Centro	
	Data prevista de finalización	Xullo 2016	
	Persoa responsable	Irene Rodríguez Manzano	
Tarefa2	Código	AM15-07-2	
	Descrición tarefa	Deseñar un procedemento de reforzo da información para estimular a participación dos egresados, alumnado, PDI e titores externos nas enquisas da Área de Calidade.	
	Data prevista de finalización	Xullo 2016	
	Persoa responsable	Celestino García Arias	
Tarefa3	Código	AM15-07-3	
	Descrición tarefa	Activar o comité consultivo	
	Data prevista de finalización	Xullo 2016	
	Persoa responsable	Ramón Bouzas Lorenzo	

ACCIÓN DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM15-08	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 4. Recursos Humanos
			Análise causa	Deficiencias nos procesos de xestión dos recursos humanos vinculados ao programa formativo
		Definición/descripción proposta	Intervir en varias subfuncións de recursos humanos (desenvolvemento profesional; formación; apoio complementario)	
		Data prevista de finalización	Xullo de 2016	
		Data inicio	Xaneiro 2016	
Responsables	Responsable da implantación	Ramón Bouzas Lorenzo (Responsable de calidade)		
Tarefa1	Código	AM15-08-1		
	Descrición tarefa	Organizar a docencia procurando deixar un cuadrimestre dispoñible para que o PDI desenvolva actividade investigadora.		
	Data prevista de finalización	Xullo 2016		
	Persoa responsable	Isabel Diz Otero e Irene Rodríguez Manzano		
Tarefa2	Código	AM15-08-2		
	Descrición tarefa	Instar á USC a reintroducir o programa de bolseiros		
	Data prevista de finalización	Xullo 2016		
	Persoa responsable	María Antonia Arias Fernández		
Tarefa3	Código	AM15-08-3		
	Descrición tarefa	Elaborar un estudo interno sobre a mobilidade (falta de participación) e formación continua (participación, necesidades e tipos de programas seguidos) de PDI e PAS		
	Data prevista de finalización	Xullo 2016		
	Persoa responsable	Celestino García Arias		

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM15-09
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos Materiais
		Definición	Análise causa
	Definición/descripción proposta		Planificar a xestión de recursos materiais
	Data prevista de finalización		Xullo de 2016
	Data inicio		Xaneiro 2016
Responsables	Responsable da implantación	María Antonia Arias Fernández	
Tarefa1	Código	AM15-09-1	
	Descrición tarefa	Elaborar unha programación para a adquisición, renovación e reparación de mobiliario que permita mellorar as instalacións e equipamento dos espazos destinados a PDI, PAS e alumnado	
	Data prevista de finalización	Xullo 2016	
	Persoa responsable	Esther Filgueira López	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM15-10
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 6. Resultados de Aprendizaxe
	Definición	Análise causa	Falta de rendemento do alumnado de primeiro curso; falta de datos sobre a formación interactiva práctica e necesidade dunha formación complementaria en comunicación oral e e escrita
		Definición/descrición proposta	Análise de rendemento do alumnado de primiro curso e impartición das sesións interactivas; potenciar as habilidades comunicativas
		Data prevista de finalización	Xullo de 2016
		Data inicio	Xaneiro 2016
Responsables	Responsable da implantación	Manual María de Artaza Montero	
Tarefa1	Código	AM15-10-1	
	Descrición tarefa	Facer un estudo sobre o rendemento do alumnado en primeiro curso e examinar o xeito no que se está a desenvolver a formación interactiva	
	Data prevista de finalización	Xullo 2016	
	Persoa responsable	Isabel Diz Otero e Manual María de Artaza Montero	
Tarefa2	Código	AM15-10-2	
	Descrición tarefa	Explorar o xeito de potenciar a adquisición de capacidades para a comunicación oral e escrita	
	Data prevista de finalización	Xullo 2016	
	Persoa responsable	Manual María de Artaza Montero	

<b>ACCIÓNS DE MELLORA</b>				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM15-11	
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora	
	<b>Definición</b>	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 7. Indicadores de satisfacción y rendimiento
		<b>Análise causa</b>	Falta de datos sobre inserción laboral	
		<b>Definición/descripción proposta</b>	Análise da inserción laboral dos egresados	
		<b>Data prevista de finalización</b>	Marzo de 2016	
	<b>Data inicio</b>	Xaneiro 2016		
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Celestino García Arias		
<b>Tarefa1</b>	<b>Código</b>	AM15-11-1		
	<b>Descrición tarefa</b>	Elaborar e implementar un procedemento de estudo periódico da inserción laboral		
	<b>Data prevista de finalización</b>	Marzo 2016		
	<b>Persoa responsable</b>	Celestino García Arias		

#### 4. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDO	
Modificacións	Xustificación da modificación
Non houbo (*)	

(\*): En función dos indicadores e informes valorados e declarados nos informes de seguimento 2013-13 e 2014-14, das enquisas a egresados, alumnado de cuarto curso e PDI elaboradas en 2013 (con cargo ás accións de calidade da USC) e das deliberacións da Comisión de Reforma do Plan de Estudos está na actualidade tramitándose unha reforma do plan nas seguintes direccións:

- a) Reforzo de materias de dereito, especialmente, de dereito constitucional e dereito administrativo.
- b) Reforzar as materias de relacións internacionais e política internacional.
- c) IRedimensionar (diminuir) en número de créditos e contido as prácticas e o Traballo de Fin de Grado, deixando paso no cuarto curso a asignaturas ordinarias. As suxestións recibidas diríxense, en concreto, a reducir sustancialmente o número de créditos de ambas modalidades de actividade discente, de tal xeito que se cursen só no segundo cuatrimestre do último curso da titulación, reservando o primeiro cuatrimestre deste a materias optativas ordinarias.
- d) Suprimir materias cuxo contido estímase máis axeitado ao nivel de máster que ao de grao, tales como Márketing de Xestión, Control de Xestión ou Xestión da Información.
- e) Reforzar a presenza no plan das materias de métodos e estatística, e reordenar a súa secuencia.
- f) Invertir no novo plan a secuencia entre as materias descritivas e as materias con contidos de natureza máis analítica, convertendo as primeiras nun paso formativo que capacita mellor ao estudante para a adquisición dos coñecementos fornecidos pola segunda clase de materias.